Esta lei está composta dun artigo único e unha disposición derradeira.

XUNTA
DE GALICIA

Artigo único. *Modificación da disposición adicional quinta da Lei 5/2025, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas*

Modifícase a Disposición adicional quinta da Lei 5/2025, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, do seguinte xeito:

«Disposición adicional quinta. *Aplicación da dedución pola adquisición de libros de texto e material escolar na cota íntegra autonómica do imposto sobre a renda das persoas físicas aplicable no período impositivo 2025*

A dedución pola adquisición de libros de texto e de material escolar regulada no apartado vinte e cinco do artigo 5 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, na redacción dada por esta lei, será aplicada na declaración correspondente ao período impositivo do ano 2025 polos contribuíntes que teñan dereito a ela, unicamente sobre os importes correspondentes ás adquisicións recollidas nas facturas emitidas entre o 1 de xullo e o 31 de decembro, ambos incluídos.

A acreditación do gasto realizarase mediante a factura detallada dos bens adquiridos e os xustificantes do pagamento efectuado mediante tarxeta de crédito ou débito, transferencia bancaria, cheque nominativo, ingreso en conta en entidades de crédito ou a través de plataformas de servizos de pagamentos electrónicos instantáneos autorizadas en España. De xeito excepcional no ano 2025, serán tamén admisibles as contías satisfeitas mediante entregas de diñeiro de curso legal.»

XUNTA
DE GALICIA

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Esta lei produce efectos desde o 1 de xaneiro de 2025.

Diego Calvo Pouso

Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes

**Proxecto de lei de medida excepcional de carácter fiscal**

- Resolución de inicio do expediente da Consellería de Facenda e Administración
- Memoria xustificativa da Axencia Tributaria de Galicia
- Memoria económica da Axencia Tributaria de Galicia
- Taboa de vixencias da Axencia Tributaria de Galicia
- Resolución da Consellería de Facenda e Administración Pública, de aprobación inicial do Anteproxecto de lei
- Avaliación da Axencia Tributaria de Galicia, do impacto demográfico
- Informe da Consellería de Facenda e Administración Pública, de sostibilidade financeira
- Cadro-análise da Axencia Tributaria de Galicia, do impacto de xénero
- Informe de impacto de xenero da Dirección Xeral de Promoción da Igualdade
- Informe da Asesoría Xurídica Xeral
- Informe de legalidade da Secretaría Xeral Técnica e do Tesouro

RESOLUCIÓN DE INICIO DO EXPEDIENTE DO ANTEPROXECTO DE LEI DE MEDIDA EXCEPCIONAL EN MATERIA FISCAL

De acordo co disposto no art. 34.5 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e no art. 5.1 do Decreto 111/1984, do 25 de maio, polo que se aproba o Regulamento de réxime interior da Xunta de Galicia,

RESOLVO:

Que a Axencia Tributaria de Galicia inicie a tramitación do *Anteproxecto de lei de medida excepcional en materia fiscal.*

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2026

O conselleiro de Facenda e Administración Pública
Miguel Corgos López-Prado

Asinado por: FERNANDEZ ANTA, ADELINA
Cargo: Xefatura de Negociado
Data e hora: 16/02/2026 09:33:53
Motivo: Copia electrónica de documento orixinal en papel

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: RYI77HFHxB57 https://sede.xunta.gal/cve

**MEMORIA XUSTIFICATIVA DO ANTEPROXECTO DE LEI DE MEDIDA EXCEPCIONAL EN MATERIA FISCAL**

O artigo 31.1 da Constitución Española consagra o principio de que todos contribuirán ao sostemento dos gastos públicos de acordo coa súa capacidade económica mediante un sistema tributario xusto inspirado nos principios de igualdade e progresividade.

Os beneficios fiscais constitúen instrumentos de política económica e social mediante os que as administracións tributarias, no ámbito das súas competencias, renuncian total ou parcialmente á percepción de determinados tributos co fin de alcanzar obxectivos estratéxicos de desenvolvemento. Supoñen, pois, unha excepción ao principio de xeneralidade tributaria que responden a razóns económicas, sociais ou estratéxicas que buscan promover una finalidade pública, e ao tempo, supoñen unha minoración da recadación.

Como ferramentas de política públ'ca requiren de control pois os beneficios fiscais non son simples reducións de impostos e deben administrarse con responsabilidade, transparencia e avaliación constante. Un sistema de control sólido asegura eficiencia, legalidade e sustentabilidade financeira da Administración.

Un dos medios para lograr ese control é a exixencia de uso de medios de pago trazables pois permiten verificar a realidade da operación, reducir o risco de facturas falsas ou simuladas, facilitar a comprobación administrativa e evitar a utilización instrumental do beneficio fiscal. É, ademais, un medio de control coherente coa normativa fiscal antifraude que evidencia unha orientación lexislativa clara cara á rastrexabilidade das operacións económicas como instrumento de control tributario.

Polo tanto, a xustificación de que o gasto suxeito a dedución non poda realizarse mediante entregas de diñeiro de curso legal obedece á necesidade de que o gasto teña que estar debidamente xustificado e rexistrado a través de medios de pago que permitan verificar a realidade da transacción e a orixe inmediata dos fondos dedicados ao mesmo. Finalidade que se non se consigue co pago en metálico e si co pago mediante

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: DHCne5GeG30 https://sede.xunta.gal/cve

tarxeta de crédito ou débito, transferencia bancaria, cheque nominativo, ingreso en conta en entidades de crédito ou a través de plataformas de servizos de pagamentos electrónicos instantáneos autorizadas en España.

No texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, a Comunidade Autónoma de Galicia, no exercicio das competencias normativas en materia de tributos cedidos, ten aprobado diferentes beneficios fiscais que exclúen como medio de xustificación do gasto fiscalmente deducible as entregas de diñeiro de curso legal. Estes beneficios recóllense nos artigos 5. Tres (dedución pola inversión en instalacións de climatización e/ou auga quente sanitaria que empreguen enerxías renovables na vivenda habitual e destinadas exclusivamente ao autoconsumo), 5.Dezaoito (dedución na cota íntegra autonómica por obras de mellora de eficiencia enerxética en edificios de vivendas ou en vivendas unifamiliares) e tamén na redución no imposto sobre doazóns prevista no artigo 8. Dez (Redución pola adquisición de bens e dereitos destinados a reparar ou repoñer os danados polos incendios forestais acaecidos en Galicia en 2025).

No caso da Administración Xeral do Estado, podemos citar como medidas fiscais nas que non cabe acreditar o pago mediante entregas de diñeiro de curso legal, a Disposición adicional 29ª (dedución por obras de mellora na vivenda), Disposición adicional 50ª (dedución por obras de mellora da eficiencia enerxética de vivendas) e a Disposición adicional 58ª (Dedución pola adquisición de vehículos eléctricos "enchufables" e de pila de combustible e puntos de recarga) da Lei 35/2006, de 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio.

Nesta mesma liña, a Comunidade Autónoma de Aragón regula na Disposición adicional segunda do texto refundido das disposicións ditadas pola Comunidade Autónoma de Aragón en materia de tributos cedidos aprobado polo Decreto Lexislativo 1/2005, do 26 de setembro, do Goberno de Aragón, os requisitos das entregas de importes pecuniarios para a aplicación de determinados beneficios fiscais, sinalando que as deducións na cota

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
https://sede.xunta.gal/cve

íntegra autonómica do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas polas cantidades satisfeitas derivadas dos gastos polos que os contribuíntes teñan dereito á aplicación do correspondente beneficio fiscal quedan condicionadas a que o pago dos devanditos gastos se realice mediante tarxeta de crédito ou débito, transferencia bancaria, cheque nominativo ou ingreso en contas en entidades financeiras.

No mesmo sentido, a Comunidade Autónoma de Estremadura no artigo 52.3 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Estremadura en materia de tributos cedidos polo Estado aprobado polo Decreto Lexislativo 1/2018, do 10 de abril, dispón que a aplicación dos beneficios fiscais establecidos pola Comunidade Autónoma de Estremadura no marco da súa competencia normativa, relativos a tributos cedidos, queda condicionada a que o abono das cantidades satisfeitas polo negocio xurídico que orixine o dereito á súa aplicación, se realice mediante tarxeta de crédito ou débito, transferencia bancaria, cheque nominativo ou ingreso en contas en entidades de crédito.

Tamén a Comunidade Valenciana, na disposición adicional decimosexta da Lei 13/1997, do 23 de decembro, pola que se regula o tramo autonómico do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e restantes tributos cedidos, establece que a aplicación das deducións establecidas na norma legal queda condicionada a que a entrega dos importes derivada do acto ou negocio xurídico que dea dereito á aplicación daquelas se realice mediante tarxeta de crédito ou débito, transferencia bancaria, cheque nominativo ou ingreso en contas en entidades de crédito.

No resto das Comunidades Autónomas, o requisito establécese en cada unha das deducións concretas, ao igual que na nosa Comunidade Autónoma.

Así, na Lei 5/2025, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas engádese o artigo 5. Vinte cinco ao texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, mediante o que a Comunidade Autónoma de Galicia, no exercicio das competencias normativas en materia de tributos cedidos, regula a dedución pola adquisición de libros de texto e material escolar no imposto sobre a renda das persoas físicas, sinalando no tocante aos medios de xustificación do gasto que: "*A*

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: https://sede.xunta.gal/cve

*acreditación do gasto pola adquisición dos libros de texto e do material escolar realizarase mediante a factura detallada dos bens adquiridos e os xustificantes do pagamento efectuado mediante tarxeta de crédito ou débito, transferencia bancaria, cheque nominativo, ingreso en conta en entidades de crédito ou a través de plataformas de servizos de pagamentos electrónicos instantáneos autorizadas en España. En ningún caso darán dereito a practicar esta dedución as cantidades satisfeitas mediante entregas de diñeiro de curso legal".*

Sen embargo, dado que a norma publicouse ao fin do 2025 e, coa finalidade de non prexudicar a aquelas persoas que realizaron o gasto en material escolar e libros de texto no período do 1 de xullo ao 31 de decembro de 2025 en diñeiro de curso legal, descoñecendo que non se ía a admitir como medio válido para acreditar o gasto, procede excepcionar do cumprimento dese requisito ás persoas que nese período concreto realizaron os pagamentos mediante diñeiro de curso legal. Deste xeito, modifícase a Disposición adicional quinta da Lei 5/2025, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, para introducir a referida excepción para o período impositivo 2025 co respecto á aplicación da dedución para os pagamentos realizados en diñeiro de curso legal.

## I. CONTIDO DO ANTEPROXECTO DE LEI

A Lei que se promulga, ten por obxecto modificar a Disposición adicional quinta da Lei 5/2025, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, para admitir dun xeito excepcional, para os efectos de aplicar a dedución para material escolar e libros de texto no imposto sobre a renda das persoas, o pago en diñeiro de curso legal como medio de acreditar o gasto en material escolar e libros de texto efectuado no período comprendido entre o 1 de xullo e o 31 de decembro de 2025.

A lei contén un artigo único e unha disposición derradeira.

O artigo único regula a modificación da Disposición adicional quinta da Lei 5/2025, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas no sentido antes descrito.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: DHCnde5GoGa0 https://sede.xunta.gal/cve

A disposición derradeira única establece que a lei produce efectos desde o 1 de xaneiro de 2025.

## II. PRINCIPIOS DE BOA REGULACIÓN

A presente norma responde aos principios de boa regulación previstos no artigo 37 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, e no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas.

Así, a lei atende aos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación que, de conformidade co disposto no artigo 103.1. da Constitución Española, deben presidir a actuación administrativa.

A lei adecúase aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia que establece o artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e máis aos principios de simplicidade e accesibilidade recollidos tamén no artigo 37 da lei 14/2013, do 26 de decembro.

Deste xeito, en aplicación dos principios de necesidade, eficacia e eficiencia, a norma persegue modificar a Disposición adicional quinta da Lei 5/2025, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, para admitir de xeito excepcional, para os efectos de aplicar a dedución para material escolar e libros de texto no imposto sobre a renda das persoas, o pago en diñeiro de curso legal como medio de acreditar o gasto en material escolar e libros de texto efectuado no período comprendido entre o 1 de xullo e o 31 de decembro de 2025.

En cumprimento ademais dos principios de accesibilidade, de transparencia e de proporcionalidade, identifícanse claramente os obxectivos perseguidos coa norma e esta é o instrumento máis adecuado para conseguilos, contendo a regulación imprescindible para atender as necesidades referidas.

En virtude dos principios de simplicidade e de seguridade xurídica, a norma garda coherencia co resto do ordenamento xurídico, xerando un marco normativo estable,

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: DHGHeS3oGaD https://sede.xunta.gal/cve

predecible, integrado, claro e certo, co obxectivo claro de que sexan fáciles o seu coñecemento e a súa comprensión.

## III. ANÁLISE DE IMPACTOS DA NORMA EN DIVERSAS MATERIAS

O artigo 19 da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes, e máis o artigo 8 do Texto Refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, aprobado polo Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, sinalan a obriga de que as disposicións de carácter xeral incorporen un informe que analice os impactos que por razón de xénero teña a normativa que se promove. Para estes efectos, debemos sinalar que o anteproxecto normativo non ten incidencia algunha por razón de xénero.

A disposición adicional décima da Lei 40/2003, do 18 de novembro, de Protección ás Familias Numerosas, introducida pola Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia, establece a obriga de que as memorias que acompañen aos proxectos de disposicións regulamentarias analicen o impacto normativo na familia. Non se prevé ningún impacto normativo na familia derivado deste proxecto normativo.

O artigo 22 quinquies da Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Axuizamento Civil, introducido igualmente pola Lei 26/2015, do 28 de xullo, establece a obriga de que as memorias que acompañen aos proxectos de disposicións regulamentarias analicen o impacto normativo na infancia e na adolescencia. Non se prevé ningún impacto na infancia nin na adolescencia, derivado deste anteproxecto normativo.

Tampouco se prevé impacto algún en materia de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, nos termos contemplados no Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, e na Disposición adicional quinta da Lei 26/2011, de adaptación normativa á Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e poden verificarse a través deste código
CVE: DHCnle2QuGa0 https://sede.xunta.gal/cve

Santiago de Compostela 10 de febreiro de 2026

Axencia Tributaria de Galicia

Sonia Lafont Sendino

A directora da Axencia Tributaria de Galicia

Asinado por: FERNANDEZ ANTA, ADELINA
Cargo: Xefatura de Negociado
Data e hora: 16/02/2026 11:15:25
Motivo: Copia electrónica do documento orixinal en papel.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: https://sede.xunta.gal/cve

**MEMORIA ECONÓMICA DO ANTEPROXECTO DE LEI DE MEDIDA EXCEPCIONAL EN MATERIA FISCAL**

## I. XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE E OPORTUNIDADE

Mediante esta lei á que se refire a presente memoria económica modifícase a Disposición adicional quinta da Lei 5/2025, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, para admitir, para os efectos de aplicar a dedución para material escolar e libros de texto no imposto sobre a renda das persoas, dun xeito excepcional para o período comprendido entre o 1 de xullo e o 31 de decembro de 2025, o pago en diñeiro de curso legal como medio de acreditar o gasto en material escolar e libros de texto efectuado.

O artigo 41.3 b) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público de Galicia exixe no procedemento de elaboración de disposicións regulamentarias unha memoria económico-financeira que conteña a estimación do custo ao que poida dar lugar e, de ser o caso, a súa forma de financiamento.

Polo que se refire ao custo económico que esta lei ocasiona, considérase que a súa entrada en vigor non suporá custo económico algún.

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2026.

Axencia Tributaria de Galicia

Sonia La[illegible] Sendino

A directora da Axencia Tributaria de Galicia

Asinado por: FERNANDEZ ANTA, ADELINA
Cargo: Xefatura de Negociado
Data e hora: 16/02/2026 11:15:25
Motivo: Copia electrónica de documento orixinal en papel.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: xdCINKcOREX7 https://sede.xunta.gal/cve

Rúa Pastoriza, 8
15781 Santiago de Compostela
direccion@atriga.es
www.atriga.gal

Axencia Tributaria de Galicia

Xacobeo 2027

**TÁBOA DE VIXENCIAS DO ANTEPROXECTO DE LEI DE MEDIDA EXCEPCIONAL EN MATERIA FISCAL**

O 31 de decembro de 2025 publicouse no Diario Oficial de Galicia a Lei 5/2025, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas. No artigo 2. Cinco da dita lei introdúcese unha dedución no imposto sobre a renda das persoas físicas pola adquisición de libros de texto e material escolar, e na Disposición adicional quinta regúlase a aplicación da dedución pola adquisición de libros de texto e material escolar na cota íntegra autonómica do imposto sobre a renda das persoas físicas para o período impositivo 2025.

Faise necesaria a aprobación desta lei para modificar a Disposición adicional quinta coa finalidade de eximir do cumprimento do requisito de que o pagamento non se realice en diñeiro de curso legal aos gastos en material escolar e libros de texto realizados no período dende o 1 de xullo ao 31 de decembro de 2025 aos efectos de aplicar a devandita dedución.

En consecuencia, modifícase a Disposición adicional quinta da Lei 5/2025, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2026.

Axencia Tributaria de Galicia

Sonia Lafont Sendino

A directora da Axencia Tributaria de Galicia

Asinado por: FERNANDEZ ANTA, ADELINA
Cargo: Xefatura de Negociado
Data e hora: 16/02/2026 09:07:07
Motivo: Copia electrónica de documento orixinal en papel

Rúa Pastoriza, 8
15781 Santiago de Compostela
direccion@atriga.es
www.atriga.gal



As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 4xZGPTDP6eb8 https://sede.xunta.gal/cve

RESOLUCIÓN DE APROBACIÓN INICIAL DO DO ANTEPROXECTO DE LEI DE MEDIDA EXCEPCIONAL EN MATERIA FISCAL

En cumprimento do previsto no artigo 41.4 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia,

RESOLVO:

Dar conformidade e aprobar inicialmente o *Anteproxecto de lei de medida excepcional en materia fiscal.*

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2026
O conselleiro de Facenda e Administración Pública

Miguel Corgos López- Prado

**Asinado por:** FERNANDEZ ANTA, ADELINA
**Cargo:** Xefatura de Negociado
**Data e hora:** 16/02/2026 09:33:53
**Motivo:** Copia electrónica de documento orixinal en papel

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
**CVE:** V7fX50dXJbS5 https://sede.xunta.gal/cve

**AVALIACIÓN DO IMPACTO DEMOGRÁFICO DA LEI DE MEDIDA EXCEPCIONAL EN MATERIA FISCAL**

**CENTRO EXECUTOR DA NORMATIVA:AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA**

**ÓRGANO AO QUE SE DIRIXE:** CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL, DIRECCIÓN XERAL DE FAMILIA INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA

1. FUNDAMENTACIÓN E OBXECTO DO INFORME

   a. **Título da acción:** AVALIACIÓN DO IMPACTO DEMOGRÁFICO DA LEI DE MEDIDA EXCEPCIONAL EN MATERIA FISCAL

   b. **Fundamentación**: *LEI 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia.* (DOG Núm. 26; Martes, 9 de febreiro de 2021), que obriga, no seu artigo 8.1, a que "nos procedementos de elaboración de proxectos de lei e decretos, así como de documentos de planificación sectorial que tramite a Administración autonómica, deberá darse traslado do texto proxectado, xunto cunha análise do seu impacto demográfico, ao órgano de dirección con competencias en materia de dinamización demográfica, concedéndolle un prazo de dez días hábiles para a formulación, se é o caso, das observacións que considere procedentes nesta materia". No apartado 2 deste mesmo artigo deixase establecido que "o órgano de dirección con competencias en materia de dinamización demográfica proporcionará directrices, criterios e metodoloxías para facilitar a elaboración da análise prevista no número 1".

   Disposición derradeira segunda na que se modifica Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, na que se lle engade un número 9 ao artigo 42 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, coa seguinte redacción:
   *«9. Todos os proxectos de decreto serán remitidos, xunto cunha análise do seu impacto demográfico, ao órgano de dirección competente en materia de dinamización demográfica, para os efectos previstos no artigo 8 da Lei de impulso demográfico de Galicia»*

2. GRAO DE CUMPRIMENTO E RESULTADO DA AVALIACIÓN
   En tanto que a acción avaliada incide no impulso demográfico a avaliación é:

   Positiva ☐
   Negativa ☐
   Neutra ☒

3. MARCO DE APLICACIÓN.- (indique a que ámbitos, normas e accións afectan as medidas a avaliar por cada un dos eixos nos que se fixo a avaliación).

   - EIXO 1. INCIDE NA ADAPTACIÓN AO CAMBIO PORQUE: NON PROCEDE

   - EIXO 2. INCIDE NAS DINÁMICAS FAMILIARES E: NON PROCEDE

   - EIXO 3. INCIDE NO TERRITORIO PORQUE: NON PROCEDE

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: dl15v0GylKB1 https://sede.xunta.gal/cve

- EIXO 4. INCIDE NA MOBILIDADE DA POBOACIÓN PORQUE: NON PROCEDE

- EIXO 5. INCIDE NA DINÁMICA ECONÓMICA NA MEDIDA EN QUE: NON PROCEDE

- EIXO 6. INCIDE NA FORMACIÓN, INNOVACIÓN E TRANSFERENCIA DEXEITO QUE: NON PROCEDE

- EIXO 7. INCIDE NO BENESTAR E SAÚDE DE MANEIRA QUE: NON PROCEDE

| **FICHA PARA A ANÁLISE DO IMPACTO DEMOGRÁFICO** | **Nunca Semp** | | | | | **Non proc.** |
|---|---|---|---|---|---|---|
| A actuación que se pretende levar a cabo.... | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | |
| ***...INCIDE NA ADAPTACIÓN AO CAMBIO PORQUE*** | | | | | | |
| Presenta os datos desagregados por sexo? | | | | | | X |
| Observa se a medida ten distinta incidencia sobre as mulleres e sobre os homes ? | | | | | | X |
| Promove a asunción do significado do cambio demográfico? | | | | | | X |
| Afonda nas implicacións do cambio demográfico no eido familiar, nos roles de xénero, nos cambios culturais e no sistema produtivo? | | | | | | X |
| Alenta medidas e políticas estables que favorecen a implicación da sociedade na abordaxe do cambio demográfico? | | | | | | X |
| Prevé traballo conxunto coas institucións académicas e científicas para mellorar a gobernanza e xestionar o cambio demográfico? | | | | | | X |
| Reforza a coordinación inter e intra administrativa no deseño de políticas demográficas? | | | | | | X |
| Ten en conta políticas de impulso demográfico de forma coordinada con outros niveis de goberno? | | | | | | X |
| Promove unha educación en igualdade? | | | | | | X |
| Fai mención expresa aos obxectivos de impulso demográfico? | | | | | | X |
| Deslinda a análise do envellecemento da análise da lonxevidade? | | | | | | X |
| A medida potencia que cada persoa viva de forma óptima a súa maneira de envellecer? | | | | | | X |
| Atende á complexidade do que significa ser maior nun escenario de prolongación da vida ata idades cada vez máis avanzadas? | | | | | | X |

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: dl15v0GylKB1 https://sede.xunta.gal/cve

| | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | Non Proc. |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Introduce políticas de igualdade para a dinamización demográfica? | | | | | | X |
| Adecúa o gasto público á estrutura demográfica? | | | | | | X |
| Incorpora á cidadanía na estratexia de crecemento intelixente? | | | | | | X |
| Incide no tratamento integral e multidisciplinar dos servizospúblicos de educación, vivenda, transporte, sanidade e atención á dependencia? | | | | | | X |
| Promove a educación e a formación para a autonomía en todas as idades? | | | | | | X |
| Impulsa a transición entre formación e emprego? | | | | | | X |
| Estimula o emprendemento e a cultura innovadora en contacto con outros ámbitos como o empresarial, a administración ou a universidade? | | | | | | X |
| Traballa no eido educativo e no espazo público aspectos relacionados coa cooperación, voluntariado ou asociacionismo? | | | | | | X |
| Potencia a colaboración cos medios de comunicación socialque actúan no ámbito da Comunidade Autónoma de Galiciapara a transferencia á cidadanía do coñecemento en materia demográfica? | | | | | | X |

| | Nunca Semp. | | | | | Non Proc. |
|---|---|---|---|---|---|---|
| A actuación que se pretende levar a cabo.... | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | |
| **... INCIDE NAS DINÁMICAS FAMILIARES E** | | | | | | |
| Favorece o libre exercicio do dereito á reprodución? | | | | | | X |
| Avanza na creación de contornas favorables para o libre desenvolvemento dos proxectos familiares? | | | | | | X |
| Permite unha conciliación corresponsable da vida laboral, persoal e familiar? | | | | | | X |
| Potencia ou desenvolve servizos que permiten combinar os coidados dentro e fóra do fogar? | | | | | | X |
| Favorece a permanencia das persoas maiores na súa contorna cunha atención personalizada | | | | | | X |
| Facilita a visibilización do traballo reprodutivo en termos de sostemento da vida e de benestar? | | | | | | X |
| Contempla a asunción equilibrada de responsabilidades domésticas e de coidados? | | | | | | X |
| Favorece a superación de estereotipos de xénero? | | | | | | X |
| Permite reforzar a contorna social e económica das familias en situación de vulnerabilidade con menores ao seu cargo? | | | | | | X |
| Está orientada a elevar a renda das persoas con menor poder adquisitivo? | | | | | | X |
| Axuda a recoñecer a lonxevidade como un éxito social e persoal? | | | | | | X |
| Considera o progresivo retraso na "vellez" dentro do ciclo vital atendendo á funcionalidade física e mental das persoas? | | | | | | X |

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código
CVE: dl15v0GyIKB1 https://sede.xunta.gal/cve

X

| | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | Non proc. |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Aposta polo establecemento dunha sociedade para todas as idades favorecendo o envellecemento activo e a solidariedade entre xeracións? | | | | | | X |
| | | | | | | X |
| Permite visibilizar o papel das persoas maiores como motor docambio e a súa contribución ao benestar familiar e social promovendo a súa autonomía? | | | | | | X |
| Alenta a participación comunitaria no deseño de plans de actuación de envellecemento saudable? | | | | | | X |
| Permite visualizar a potencialidade do envellecemento activo e saudable na xeración de actividade económica e benestar? | | | | | | X |

| | Nunca Semp. | | | | | Non proc. |
|---|---|---|---|---|---|---|
| A actuación que se pretende levar a cabo.... | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | |

**... INCIDE NO TERRITORIO DE XEITO QUE**

| | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | Non proc. |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Potencia a accesibilidade a bases de datos actualizados en materia de poboación e demografía? | | | | | | X |
| Axuda a conquerir unha axenda integrada de transformación económica territorial baseada na I+D+I? | | | | | | X |
| Aproveita algún programa europeo ou calquera outro para ofrecerliñas de axuda e financiamento para desenvolver a I+D+i? | | | | | | X |
| Engade o recoñecemento da responsablidade territorial como elemento diferencial da Responsabilidade Social Corporativa das empresas? | | | | | | X |
| Permite corrixir a desarticulación ambiental derivada do actual modelo de conurbación difusa? | | | | | | X |
| Establece pautas espaciais de asentamento das actividades que, baixo unha perspectiva de sustentabilidade, propicien a cohesiónsocial e o equilibro territorial? | | | | | | X |
| Nas accións de contratación pública ten en conta os principios de desenvolvemento social, económico e ambiental sustentable? | | | | | | X |
| Incorpora algunha medida para concienciar da preservación da contorna e do patrimonio natural? | | | | | | X |
| Impulsa accións para alcanzar cidades e territorios amigables con tódalas idades? | | | | | | X |
| Impulsa medidas e iniciativas dirixidas a promover a identidadede quen vive no medio rural, costeiro non urbano ou urbano? | | | | | | X |
| Impulsa un desenvolvemento urbano sustentable integrado que favoreza a habitalidade? | | | | | | X |
| Permite limitar os efectos da pegada ecolóxica? | | | | | | X |

| | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | Non proc. |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Contribúe a artellar un sistema integrado de transporte intermodal? | | | | | | X |
| Permite unha ordenación integral do territorio e dos usos do solo adaptada á realidade actual do medio rural, costeiro non urbanoou urbano? | | | | | | X |

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: dI15w0GyIKB1 https://sede.xunta.gal/cve

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Desenvolve fórmulas de reestruturación da propiedade e os usos da terra? | | | | | | X |
| Promove un acceso axeitado aos servizos para a poboación e as empresas? | | | | | | X |
| Contempla unha planificación acorde coa estratexia galega de infraestrutura verde e conectividade? | | | | | | X |
| Promove algunha acción na liña do aproveitamento multifuncional do monte acorde coas súas aptitudes produtivas? | | | | | | X |
| Permite reforzar as cabeceiras comarcais como polos de actividade económica, de servizos e de equipamentos? | | | | | | X |
| Fortalece os servizos públicos e os sistemas de transporte integrado para facilitar a mobilidade interxurisdiccional das áreas funcionais? | | | | | | X |
| Incide na planificación integrada e transversal de servizos (educación, sanidade, transporte, vivenda, dependencia...)? | | | | | | X |
| Potencia algunha sinerxía sustentable entre a administración autonómica, a universidade o terceiro sector, a empresa e a sociedade? | | | | | | X |
| Garante un acceso universal, rápido e seguro á tecnoloxía dixital? | | | | | | X |
| Promove o uso das novas tecnoloxías para a transferencia e a comercialización de produtos? | | | | | | X |
| Potencia a identificación da imaxe de Galicia coa calidade dos produtos? | | | | | | X |
| Contempla accións para liderar un plan de transición enerxética na liña da "Axenda 2030" para o desenvolvemento sustentable? | | | | | | X |
| Facilita o acceso á vivenda en aluguer ou en compra? | | | | | | X |
| Incorpora criterios de valoración positiva para a poboación moza nas axudas para o acceso á primeira vivenda? | | | | | | X |
| Impulsa a oferta pública de vivendas? | | | | | | X |
| Permite incrementar o parque de vivendas a través da rehabilitación? | | | | | | X |
| Promove un plan director de conservación patrimonial, promoción e dinamización de actividades turísticas no mundorural? | | | | | | X |
| Impulsa medidas de apoio a empresas dedicadas ao patrimoniocultural? | | | | | | X |
| Potencia o desenvolvemento de actividades ecolóxicas e sustentables que aproveiten os recursos culturais e patrimoniais? | | | | | | X |

| | Nunca Semp. | | | | | Non Proc. |
|---|---|---|---|---|---|---|
| A actuación que se pretende levar a cabo.... | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | |
| **... INCIDE NA MOBILIDADE DA POBOACIÓN XA QUE** | | | | | | |
| Impulsa o coñecemento da emigración galega nas súas diversas etapas e destinos? | | | | | | X |
| Presta atención á significación das migracións interiores, pasadas e actuais, na propia Galicia? | | | | | | X |

As copias en papel deste documento terán a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: d15v0GyIKB1 https://sede.xunta.gal/cve

| | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | Non proc. |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Preocúpase de coñecer os custes persoais e sociais da "Galicia emigrante"? | | | | | | X |
| Contribúe a afianzar os contactos coas comunidades de emigrantes? | | | | | | X |
| Fomenta as potencialidades da "Galicia exterior" na proxección exterior de Galicia? | | | | | | X |
| Desenvolve algunha estratexia dirixida ao retorno de emigrantes e dos seus descendentes? | | | | | | X |
| Contribúe á retención e captación do talento? | | | | | | X |
| Incorpora campañas de sensibilización para dar a coñecer os efectos positivos da inmigración? | | | | | | X |
| Amplía a información, orientación e asesoramento aos inmigrantes nos ámbitos xurídicos, sociais, educativos e laborais para facilitar a súa integración? | | | | | | X |
| Desenvolve campañas de sensibilización para fomentar a integración das persoas inmigrantes desde a perspectiva da tolerancia e o respecto á diversidade? | | | | | | X |
| Consolida canles de acollida para persoas refuxiadas? | | | | | | X |
| Conta con algún programa de difusión das posibilidades do mercado laboral galego? | | | | | | X |
| Recolle algún programa de acompañamento aos inmigrantes ou retornados? | | | | | | X |
| Mide o impacto que teñen as políticas sobre os retornados que aplica a administración autonómica? | | | | | | X |

| | Nunca | | | | Semp. | Non proc. |
|---|---|---|---|---|---|---|
| A actuación que se pretende levar a cabo.... | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | |
| *... INCIDE NA DINÁMICA ECONÓMICA NA MEDIDA EN QUE* | | | | | | |
| Potencia as sinerxías entre distintos organismos ou políticas públicas? | | | | | | X |
| Potencia o coñecemento do impacto sociolaboral do cambio demográfico? | | | | | | X |
| Introduce algún cálculo ou contabilización do traballo reprodutivo en termos económicos e/ou de sostemento devida? | | | | | | X |
| Aporta algún avance na estratexia galega de especialización dixital? | | | | | | X |
| Prima a innovación nas zonas de actuación prioritarias? | | | | | | X |
| Facilita a interacción entre os axentes do sistema de innovación e difusión de coñecemento? | | | | | | X |

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: dI15vJ0GyIKB1 https://sede.xunta.gal/cve

| | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | Non proc. |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Alenta o desenvolvemento de plans de identificación e promoción de produtos endóxenos? | | | | | | X |
| Impulsa a innovación e a tecnoloxía para favorecer o desenvolvemento do tecido agroindustrial ou pesqueiro? | | | | | | X |
| Ten en conta a posta en valor de subprodutos e residuos que poidan derivar en produtos de alto valor engadido? | | | | | | X |
| Fomenta o turismo sostible e inclusivo? | | | | | | X |
| É compatible co aproveitamento dos recursos naturais e patrimoniais? | | | | | | X |
| Prevé apoio, financiamento ou asesoramento a actividades de PEMES ou autónomos? | | | | | | X |
| Contempla incentivos para a internacionalización do tecido produtivo galego a través das novas tecnoloxías? | | | | | | X |
| Incide na dinamización industrial de Galicia? | | | | | | X |
| Fomenta iniciativas emprendedoras dende o sistema educativo? | | | | | | X |
| Potencia o estudo en materia demográfica? | | | | | | X |
| Fomenta a formación no ámbito educativo en relación co cambio demográfico ou a igualdade de xénero? | | | | | | X |
| Promove a incorporación da mocidade, desempregados ouretornados no mercado laboral? | | | | | | X |
| Contempla políticas activas de emprego que permitan a transición entre a formación e o emprego? | | | | | | X |
| Incorpora plans ou medidas de formación orientada ás necesidades do mercado de traballo e ás potencialidades do territorio? | | | | | | X |
| Desenvolve algún programa cultural, educativo ou lingüístico que reforce os vínculos coa Comunidade dos residentes no exterior? | | | | | | X |
| Contempla algún programa ou acción para facilitar proceso de retorno? | | | | | | X |

| | Nunca Sem. | | | | | Non proc. |
|---|---|---|---|---|---|---|
| A actuación que se pretende levar a cabo.... | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | |

**...INCIDE NA FORMACIÓN, INNOVACIÓN E TRANSFERENCIA DE XEITO QUE**

| | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | Non proc. |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Contén plans ou programas de alfabetización dixital que faciliten un envellecemento activo e saludable? | | | | | | X |
| Promove unha formación adaptada ás necesidades do mercadolaboral? | | | | | | X |
| Contribúe a mellorar a calidade do emprego ofrecido á mocidade para favorecer o desenvolvemento dos seus proxectos vitais? | | | | | | X |
| Fomenta a formación no ámbito educativo en relación co cambio demográfico ou a igualdade de xénero? | | | | | | X |
| Fomenta o investimento en I+D+i das empresas e uso das TICs? | | | | | | X |

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: d15xGGyKB1 https://sede.xunta.gal/cve

| | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | Non proc. |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Desenvolve algunha estratexia para eliminar a fenda dixital - social e xeograficamente- co fin de garantir o acceso da poboación ás TICs e á administración electrónica? | | | | | | X |
| Inclúe programas de axuda para xestionar os avances tecnolóxicos no campo da robótica, intelixencia artificial, computación na nube, impresión 3D, tecnoloxía 5G, etc.? | | | | | | X |
| Potencia o papel conector dos Hubs de innovación dixital? | | | | | | X |
| Contempla algunha acción de orientación e apoio para a incorporación do alumnado estranxeiro no sistema educativo? | | | | | | X |
| Realiza algún programa conxunto coa administración local en materia de educación e política social para a atención ás persoas retornadas e estranxeiras que chegan a Galicia? | | | | | | X |
| Promove unha oferta da Formación Profesional dual acorde coas necesidades e/ou potencialidades do mercado laboral? | | | | | | X |
| Desenvolve algún programa de formación e emprego relacionado | | | | | | X |
| cos servicios asistenciais? | | | | | | X |
| Prevé algunha medida para ampliar as infraestruturas e o transporte que dan o acceso aos servizos básicos? | | | | | | X |

| A actuación que se pretende levar a cabo.... | Nunca Semp. | | | | | Non proc. |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | |
| **... INCIDE NO BENESTAR E SAÚDE DE MANEIRA QUE** | | | | | | |
| Contempla medidas para orientar a estrutura da prestación de servizos sanitarios ás necesidades das persoas usuarias, conespecial atención á cronicidade? | | | | | | X |
| Fomenta o desenvolvemento dos recursos residenciais para atención das persoas dependentes ou con discapacidade? | | | | | | X |
| Reforza a asistencia preventiva e a promoción da autonomía persoal, especialmente no ámbito rural? | | | | | | X |
| Ten como obxectivo a prevención e atención á soidade non desexada? | | | | | | X |
| Potencia a permanencia no fogar das persoas maiores? | | | | | | X |
| Potencia a teleasistencia e o tratamento a domicilio apoiado na medicina das 4P: personalizada, preventiva, de precisión e participativa? | | | | | | X |
| Presta atención ás diferencias sociais e educativas no deseño de estratexias de envellecemento activo e saudable? | | | | | | X |
| Alenta a investigación e implantación de novas formas de prestación de servizos amparada nas novas tecnoloxías? | | | | | | X |
| Prevé algún sistema de innovación social que posibilite a mellora na eficiencia da prestación dos servizos sanitarios e sociais? | | | | | | X |
| Avanza no impulso para a creación dunha plataforma sociosanitaria única de axuda ás persoas? | | | | | | X |

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: dI15w0GyfKB1 https://sede.xunta.gal/cve

Axencia Tributaria de Galicia

Xacobeo 2027

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Establece algunha colaboración multinivel para primar a coordinación dos servizos sociosanitarios?** | | | | | | X |
| **Desenvolve algún sistema integrado de intercambio de información sociosanitaria intra e interadministracións?** | | | | | | X |

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2026.

Axencia Tributaria de Galicia

S[illegible] Sendino

A directora da Axencia Tributaria de Galicia

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: dI15v0GyIKB1 https://sede.xunta.gal/cve

Asinado por: FERNANDEZ ANTA, ADELINA
Cargo: Xefatura de Negociado
Data e hora: 16/02/2026 09:07:07
Motivo: Copia electrónica de documento orixinal en papel

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: dI15v0GyfKB1 https://sede.xunta.gal/cve

**OBSERVACIÓNS Á ANÁLISE DE IMPACTO DEMOGRÁFICO DO ANTEPROXECTO DE LEI DE MEDIDA EXCEPCIONAL EN MATERIA FISCAL**

**Solicitante: Consellería de Facenda e Administración Pública**

**Expediente:** 2026/05

**FEITOS**

A Subdirección xeral de Apoio Técnico-Xurídico da Consellería de Facenda e Administración Pública remite, o día 13 de febreiro do 2026, a esta Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social e Igualdade o anteproxecto de Lei de medida excepcional en materia fiscal.

**CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS**

1.PERTINENCIA DA ANÁLISE DE IMPACTO DEMOGRÁFICO.

Segundo o disposto no artigo 8.1 da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, nos procedementos de elaboración de proxectos de lei e decretos, así como de documentos de planificación sectorial que tramite a Administración autonómica, deberá darse traslado do texto proxectado, xunto cunha análise do seu impacto demográfico, ao órgano de dirección con competencias en materia de dinamización demográfica, concedéndolle un prazo de dez días hábiles para a formulación, se é o caso, das observacións que considere procedentes nesta materia. Esta análise non será necesaria no caso dos decretos previstos nas letras a) e b) do número 2 do artigo 43 da Lei 16/2010, do 17 de decembro , de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico, e doutros que sexan puramente organizativos.

Así mesmo, o apartado 9° do artigo 42 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, engadido pola Disposición Derradeira Segunda da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, establece que todos os proxectos de decreto serán remitidos, xunto cunha análise do seu impacto demográfico, ao órgano de dirección competente en materia de dinamización demográfica, para os efectos previstos no artigo 8 da Lei de impulso demográfico de Galicia.

Por outra banda, o Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, ao abeiro do Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, recolle no seu artigo 14.1 c, que lle corresponde á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, como órgano de dirección da consellería, a función de exercer as políticas destinadas a favorecer e impulsar o crecemento demográfico, a renovación xeracional e a reverter o envellecemento poboacional.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 7DEXh5psg30 https://sede.xunta.gal/cve

Complexo San Caetano · Edificio 8 B
T. +34 981 544 655
dxfamilia.politicasocial@xunta.gal
www.xunta.gal

2. OBSERVACIÓNS EN CANTO A AVALIACIÓN DO IMPACTO DEMOGRÁFICO.

O artigo 3 e) da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, define o impacto demográfico como a identificación e valoración dos diferentes efectos e resultados dunha norma ou dunha política pública no comportamento da poboación, co obxecto de neutralizar posibles efectos que dificulten ou impidan o impulso demográfico, definindo este no apartado c) como o conxunto de medidas dirixidas ao desenvolvemento sustentable e ao logro do equilibrio territorial e social, de modo que se creen contornos favorables para o asentamento da poboación, o desenvolvemento saudable e o benestar da infancia e unha libre realización dos proxectos vitais que permita cumprir as expectativas e os desexos da poboación de poder formar unha familia e aproxime a fecundidade á media da Unión Europea, que promova o envellecemento activo e saudable e que facilite o retorno das galegas e dos galegos residentes no exterior e a atracción de nova poboación ao territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Na avaliación que acompaña ao anteproxecto de Lei, establécese, que o impacto demográfico da norma é neutro, e non recolle incidencias en ningún dos sete eixos nos que se estrutura a mesma.

O obxecto da lei é permitir a aplicación da dedución pola adquisición de libros de texto e material escolar na cota íntegra autonómica do imposto sobre a renda das persoas físicas aplicable no período impositivo 2025.

Valórase, positivamente, o establecemento de medidas que permitan a dedución pola adquisición de libros de texto e de material escolar ás familias con nenos e nenas en idade escolar, para que poidan desfrutar dun maior nivel de renda, mesmo, cando os pagos fosen satisfeitos mediante entregas de diñeiro de curso legal.

Por tanto, o impacto demográfico do proxecto do lei é positivo, pola incorporación das modificacións legais necesarias para dar cobertura as medidas que a Lei de impulso demográfico de Galicia establece como prioritarias.

Santiago de Compostela, a 13 de febreiro do 2026

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE
D.X. DE FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA

Jacobo Rey Sastre

Asinado por: FERNANDEZ ANTA, ADELINA
Cargo: Xefatura de Sección
Data e hora: 16/02/2026 10:37:26
Motivo: Copia electrónica de documento orixinal en papel.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 7DEXh9psga30 https://sede.xunta.gal/cve

*Ref.-JPD/sxfarao*
*3165*

## INFORME DE SOSTIBILIDADE FINANCEIRA

| | |
|---|---|
| **SECCIÓN:** CONSELLERIA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA | **DATA ENTRADA**: 11/02/2026 |
| **NORMA/PLAN:** ANTEPROXECTO DE LEI DE MEDIDA EXCEPCIONAL EN MATERIA FISCAL | |
| **OBXECTO:** Modificar a Disposición Adicional 5ª da Lei 5/2025, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG do 31 de decembro de 2025) para admitir o pagamento con diñeiro de curso legal para a aplicación da dedución pola adquisición de libros de texto e material escolar na cota íntegra do IRPF correspondente ao período impositivo do exercicio 2025. | |
| **VIXENCIA:** 2025 | |
| **DATA DE RECEPCIÓN DA DOCUMENTACIÓN DEFINITIVA**: 11/02/2026 | |

| **Análise do impacto da medida** |
|---|
| A modificación da Disposición Adicional 5ª da dita Lei 5/2025 ten por finalidade permitir a aplicación da dedución pola adquisición de libros de texto e material escolar aos contribuíntes que aboaron as súas facturas mediante diñeiro de curso legal.<br><br>Esta medida non ten impacto económico xa que a valoración da dita medida realizouse analizando aos potenciais beneficiarios da mesma con independencia do método de pagamento que realizasen. Polo tanto, mantense o impacto previsto para esta medida na elaboración da dita Lei 5/2025 de 4,2 millóns de euros. |

Asinado por: FERNANDEZ ANTA, ADELINA
Cargo: Xefatura de Negociado
Data e hora: 16/02/2026 09:39:57
Motivo: Copia electrónica de documento orixinal en papel

*Fundamento normativo:*
Artigo 3 e 7 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira.
Artigo 12 da Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

INFORME: **Favorable,** por non ter impacto económico.

*Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2026.*
*O director xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico*
*Arturo López Iglesias*

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
DIRECCIÓN XERAL DE ORZAMENTOS E FINANCIAMENTO AUTONÓMICO

Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico
Edificios administrativos San Caetano, Bloque 5
15781 Santiago de Compostela, A Coruña
Tlfno. 981 54 51 10 - Fax 981 54 51 94
dx.planificacion.orzamentos.facenda@xunta.gal

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: LRgVyb3mOsK6 https://sede.xunta.gal/cve

## CADRO-ANÁLISE DO IMPACTO DE XÉNERO

| | |
|---|---|
| Este documento (ou outro co mesmo fin e contidos) debe acompañar ás solicitudes de informe de impacto de xénero nos casos sinalados nos artigos 22.1 e 24 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia (Lei 7/2023) | |
| **Nome do proxecto** | *Lei de medida excepcional en materia fiscal* |
| **Tipo de norma** | Anteproxecto de lei |
| **Órgano solicitante** | *AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA* |
| **Órgano ao que se dirixe** | Dirección Xeral de Promoción da Igualdade. Servizo de Apoio Técnico-Administrativo |

**Xustificación normativa:** Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia (DOG Núm. 233 do 11 de decembro de 2023)

- "*Artigo 22. Informe sobre o impacto de xénero na elaboración das leis*

*1. Os proxectos de lei presentados no Parlamento de Galicia pola Xunta de Galicia irán acompañados dun informe sobre o seu impacto de xénero elaborado polo órgano competente en materia de igualdade entre mulleres e homes.*

*Para estes efectos, <u>a consellaría encargada da súa tramitación deberá trasladar o texto proxectado, xunto cunha análise do seu impacto de xénero, ao citado órgano</u>. (...)*"

- "*Artigo 24. Informe sobre o impacto de xénero na elaboración dos regulamentos e dos plans de especial relevancia económica, social ou cultural*

*1. Os regulamentos elaborados pola Xunta de Galicia con repercusión en cuestións de xénero requirirán un informe, emitido polo órgano competente en materia de igualdade entre mulleres e homes, sobre o impacto de xénero.*

*O mesmo informe requirirá a tramitación dos plans de especial relevancia económica, social ou cultural, con repercusión en cuestións de xénero, que se sometan á aprobación do Consello da Xunta.*

*Para estes efectos, <u>a consellaría encargada da súa tramitación deberá trasladar ao</u>*

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: bNzHVSN9Am3 https://sede.xunta.gal/cve

*referido órgano o texto do proxecto de regulamento ou do plan, xunto cunha análise do seu impacto de xénero.*
*(...)"*

| | |
|---|---|
| **O obxecto da norma ou plan** | Eximir de forma excepcional do cumprimento do requisito de non admitir o diñeiro de curso de legal como medio de pagamento dos gastos en libros de texto e material escolar durante o período do 1 de xullo ao 31 de decembro de 2025 para a aplicación da dedución no IRPF. |

**Transversalidade de xénero:** O artigo 20 da Lei 7/2023 obriga a introducir na execución e no seguimento de todas as políticas e de todas as accións desenvolvidas no exercicio das competencias da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o sector público autonómico, a dimensión da igualdade de trato e de oportunidades

- **Na aplicación do principio de transversalidade da dimensión de xénero, sinale cal ou cales dos seguintes criterios de actuación rexen na norma ou plan** (artigo 20.2 Lei 7/2023):

Modificación dos patróns socioculturais de conduta de mulleres e homes, co obxectivo de eliminar os prexuízos de xénero. Indicar previsión recollidas ao respecto:
1.
2.
...

Eliminación absoluta das discriminacións por razón de sexo, directas ou indirectas (en especial, as relacionadas coa maternidade, obrigas familiares ou estado civil). Indicar previsión recollidas ao respecto:
1.
2.
...

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: bhzHVSH9Am3 https://sede.xunta.gal/cve

Igualdade de oportunidades na política económica, laboral e social (supresión da fenda salarial, eliminación da segregación horizontal e vertical e fomento do emprego feminino). Indicar previsión recollidas ao respecto:

1.

2.

...

Fomento da comprensión da maternidade como función social e que deixe de ser unha carga exclusiva das nais e motivo de discriminación para as mulleres. Indicar previsión recollidas ao respecto:

1.

2.

...

Fomento da corresponsabilidade na conciliación do emprego e da vida persoal e familiar das mulleres e dos homes. Indicar previsión recollidas ao respecto:

1.

2.

...

Fomento da participación efectiva das mulleres na toma de decisións e na elaboración de estratexias. Indicar previsión recollidas ao respecto:

1.

2.

...

Garantía da dignidade das mulleres. Erradicación de todas as formas de violencia contra as mulleres, violencia sexual e de violencia de xénero (en especial, a violencia canalizada a través das tecnoloxías de información e comunicación). Indicar previsión recollidas ao respecto:

1.

2.

...

Consideración das desvantaxes especialmente sufridas polas mulleres con discapacidade, nenas e mulleres novas, mulleres maiores, mulleres de etnia xitana ou doutras minorías, mulleres migrantes e demais mulleres en situación de discriminación múltipla ou interseccional. Indicar previsión recollidas ao respecto:

1.

2.

...

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: bNzIHV5N9Am3 https://sede.xunta.gal/cve

Promoción do exercicio dos dereitos das mulleres e do dereito das mulleres ao acceso á xustiza. Indicar previsión recollidas ao respecto:

1.

2.

...

Asesoramento ás vítimas de violencia de xénero. Indicar previsión recollidas ao respecto:

1.

2.

...

Outro criterio non sinalado mais arriba. Indicar cal e as previsións recollidas ao respecto:

**Medidas de acción positiva** (Artigo 13 Lei 7/2023)

**- Na norma ou plan establécese algunha medida en favor das mulleres para corrixir situacións de desigualdade de feito respecto dos homes?**

Si. Indicar situación concreta de desigualdade e medidas recollidas para corrixir a dita situación: *(Exemplos: liñas de financiamento específico para loitar contra a fenda de xénero salarial; criterios de valoración de axudas ou subvencións directamente relacionados coa situación de desigualdade; mulleres en situación de vulnerabilidade; fomento das vocacións científicas das nenas a través de campañas de publicidade e información nas que se prevé poñer o foco en mulleres referentes no eido concreto...)*

<u>Non. Indicar as razóns polas que non se considera necesario</u>: o regulado na norma non ten impacto en materia de xénero

**Subvencións** (Artigo 85 da Lei 7/2023). No caso de tratarse de procedementos de axudas ou subvencións:

**- Inclúese, como criterio obxectivo para adxudicar a subvención, a valoración das actuacións para a consecución efectiva da igualdade entre mulleres e homes realizadas ou comprometidas pola persoa física ou xurídica solicitante?**

Si. Indicar as medidas ou actuacións concretas:

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: bNzIHV5N9Am3 https://sede.xunta.gal/cve

Non. Indicar as razóns:

**- Inclúese algunha outra medida relativa á igualdade dirixida ás persoas beneficiarias das axudas ou subvencións (obrigatoriedade de utilización de linguaxe non sexista, esixencia da transmisión unha imaxe igualitaria e non estereotipada das mulleres e homes, etcétera)?**

Si. Indicar cales:

Non. Indicar as razóns:

**Linguaxe non sexista e imaxe pública** (Artigos 31 a 34 da Lei 7/2023)

**- Utilízanse na norma ou plan expresións que invisibilizan ás mulleres ou as sitúan nun plano secundario (utilización do masculino como xenérico, ao utilizar dobre xénero situar sempre o masculino diante, ton condescendente, etcétera)?**

En ningún caso

Nalgúns casos é inevitable. As razóns son as seguintes: *(indicar o caso concreto e a xustificación)*

**- Achégase unha imaxe das persoas non estereotipada e libre de estereotipos de xénero?**

Si

Non sempre. As razóns son as seguintes: *(indicar o caso concreto e a xustificación)*

**Principio de presenza ou de composición equilibrada** (artigos 14 e 15 da Lei 7/2023). No caso de preverse, na norma ou plan, a creación ou composición de algún órgano:

**- Prevese o principio de presenza ou de composición equilibrada de mulleres e homes?**

Si

Non. Xustificación:

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: bNziHV5N9Am3 https://sede.xunta.gal/cve

**Actividade estatística** (Artigo 27, 36, 61, 63, 107 da Lei 7/2023). No caso da recolla de datos, elaboración de estudos, estatísticas, etcétera.

**- Inclúese a variable sexo nas recollas de datos derivadas do disposto na norma ou plan?**

Si
Non. Xustificación:

**- Inclúense indicadores relacionados co xénero?**

Si. Indicar cales:

Non. Xustificación:

**Outros** *(Engadir calquera outra información que considere que ten relevancia aos efectos da elaboración do informe de impacto de xénero, especialmente datos estatísticos desagregados por sexo, enlaces a estudos,...)*

**Propostas de mellora** *(Engadir calquera proposta que considere que pode mellorar este documento ou os propios informes de impacto de xénero)*

**Normativa e documentación xeral de utilidade:**

- Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia: https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2023/20231211/AnuncioC3B0-301123-0001_gl.html

- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia: https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2014/20140425/AnuncioC3B0-220414-0001_gl.html

- Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero e Lei 12/2016, do 22 de xullo, pola que se modifica a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero:
https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2007/20070807/Anuncio2D48A_gl.html
https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20160726/AnuncioC3B0-220716-0001_gl.html

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: bNzlHV5N9Am3 https://sede.xunta.gal/cve

- VIII Plan Estratéxico para a Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes: https://igualdade.xunta.gal/sites/default/files/files/documentos/viii_plan_igualdade_20220518.pdf

- Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes: https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2007-6115

- Lei 4/2023, de 28 de febreiro, para a igualdade real e efectiva das persoas trans e para a garantía dos dereitos das persoas LGTBI: https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2023-5366

**Se se precisa documentación de utilidade sectorial, pode poñerse en contacto coa Subdirección Xeral de Promoción da Igualdade.**

**Datos de contacto**

Servizo de Apoio Técnico-Administrativo_Igualdade
Enderezo electrónico: xestion.igualdade@xunta.gal

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2026.

S... afont Sendino

Axencia Tributaria de Galicia

A directora da Axencia Tributaria de Galicia

Asinado por: FERNANDEZ ANTA, ADELINA
Cargo: Xefatura de Negociado
Data e hora: 16/02/2026 09:07:07
Motivo: Copia electrónica de documento orixinal en papel

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: bNzIHV5N9Am3 https://sede.xunta.gal/cve

**INFORME DE IMPACTO DE XÉNERO RELATIVO A ANTEPROXECTO DE LEI DE MEDIDA EXCEPCIONAL EN MATERIA FISCAL**

**Solicitante:** Consellería de Facenda e Administración Pública

**Expediente:** 15/2026

**FEITOS**

1. O 15 de outubro de 2025 a Consellería de Facenda e Administración Pública remite formalmente á Dirección Xeral de Promoción da Igualdade unha solicitude de informe de impacto de Xénero en relación ao anteproxecto de Lei de Medida Excepcional en Materia Fiscal.
2. A solicitude ven acompañada de avaliación de impacto de xénero no que se indica que a norma carece de impacto de xénero.
3. No texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, a Comunidade Autónoma de Galicia, no exercicio das competencias normativas en materia de tributos cedidos, ten aprobado diferentes beneficios fiscais que exclúen como medio de xustificación do gasto fiscalmente deducible as entregas de diñeiro de curso legal.
4. No ano 2025, acordouse incluír na disposición adicional quinta da Lei 5/2025, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas a exclusión como medio de xustificación do gasto fiscalmente deducible as entregas de diñeiro de curso legal na dedución pola adquisición de libros de texto e material escolar na cota íntegra autonómica do imposto sobre a renda das persoas físicas aplicable no período impositivo 2025.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: KGxsfcYmtMF1 https://sede.xunta.gal/cve

Subdirección Xeral de Promoción da Igualdade
Dirección Xeral de Promoción da Igualdade
Edificio administrativo de San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela

**CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS**

1. Este informe emítese de acordo co previsto no artigo 22 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia (en adiante, Lei 7/2023).
2. A nivel estatal cómpre ter en conta, os artigos 4, 14 puntos 1 e 2 , 15 e 19 da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, por ser artigos que, por xunto, establecen a necesidade de que as disposicións de carácter xeral de relevancia económica dispoñan de informe de impacto de xénero.
3. Neste ámbito, tamén tense en conta a efectos informadores e para a xestión dos orzamentos cedidos polo Estado a Orde HAC/974/2025, de 1 de setembro, pola que se ditan as normas para a elaboración dos Orzamentos Xerais do Estado para 2026 que establece como criterios xerais orzamentarios: garantir a igualdade real e efectiva de xénero, fortalecendo o compromiso do Goberno contra a violencia machista, a través de medidas transversais que favorezan unha maior taxa de emprego feminino, elevando o potencial educativo e reducindo as distintas brechas, impulsando a participación paritaria das mulleres en todos os ámbitos da economía, da política e da sociedade.
4. O obxecto do anteproxecto de lei é a publicación un artigo único para modificar a Disposición adicional quinta da Lei 5/2025, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas relativa á Aplicación da dedución pola adquisición de libros de texto e material escolar na cota íntegra autonómica do imposto sobre a renda das persoas físicas aplicable no período impositivo 2025.
   Isto é necesario dado que a norma publicouse ao fin do 2025 e "coa finalidade de non prexudicar a quen realizou o gasto en material escolar e libros de texto no período 1 de xullo a 31 de decembro de 2025 en diñeiro de curso legal, descoñecendo que non se iba a admitir como medio válido para acreditar o mesmo. O que se realiza con carácter excepcional e polos motivos expostos. "

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: KGxsfcYmtMF1 https://sede.xunta.gal/cve

## INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO

1. A Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes establece nos seus artigos 14 e 15 a transversalidade da igualdade de trato e de oportunidades na adopción e execución das disposicións normativas. Cómpre destacar que o artigo 14, sinala que é un criterio xeral de de actuación dos poderes públicos a integración nas políticas económicas a perspectiva de xénero.
2. En todo caso, e con carácter xeral, derivada da súa transversalidade, para todo o texto, terase en conta que a lei 7/2023 establece as seguintes previsións:

- A transversalidade. Nos artigos 20 e concordantes para o fomento da participación efectiva das mulleres na toma de decisións e na elaboración de estratexias para o seu apoderamento ao longo de todo o seu ciclo vital e en todas as áreas de actuación pública (artigos 20 e concordantes).
- Previsións de obter estatísticas e proporcionar indicadores de xénero no artigo 27 e concordantes, así como no VIII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2022-2027, que recoñece que, pese ao esforzo da incorporación da variable de sexo, é necesario establecer a desagregación por sexo nalgunhas series de datos das principais producións estatísticas.

3. Segundo o IGE a taxa de precariedade laboral e os ingresos brutos son menores nos casos de fogares sustentados por mulleres. As mulleres teñen superior taxa de precariedade laboral, e contratos con fenda salarial vertical ou horizontal.(fonte IGE https://www.ige.gal/web/mostrar_actividade_estatistica.jsp?codigo=0205011&num_pag=5)
4. Hai que ter en conta que o Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030 (PEG), tal como recolle o tomo II do mesmo "está aliñado co principio de transversalidade da perspectiva de xénero recollido no VIII Plan estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2022-2027, xa que ten entre os seus fins o de impulsar e fortalecer a consideración da igualdade de xénero e a non

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: KGxsfcYmtMF1 https://sede.xunta.gal/cve

discriminación como elementos horizontais e transversais en todas as políticas e accións da administración pública galega e, polo tanto, non abordar este tema unicamente baixo un enfoque de accións directas e específicas."

5. A análise da perspectiva de xénero remitida co texto sinala que a modificación única da Lei 5/2025, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas relativa á disposición adicional quinta para a aplicación da dedución pola adquisición de libros de texto e material escolar na cota íntegra autonómica do imposto sobre a renda das persoas físicas aplicable no período impositivo 2025 carece de impacto de xénero.

No caso deste anteproxecto de lei recoméndase que ese departamento, en relación a aplicación da dedución pola adquisición de libros de texto e material escolar na cota íntegra autonómica do imposto sobre a renda das persoas físicas aplicable no período impositivo 2025 , establezan/tramiten a obtención deses datos estatísticos con perspectiva de xénero.

Polo tanto, proponse a ese departamento, en relación a dita dedución, dado que afectan a persoas beneficiarias, que son persoas físicas, que establezan a obtención deses datos estatísticos desagregados por sexo (muller/home)

Recórdase que o artigo 27 establece a obriga de dar conta de "*todas as estatísticas e investigacións con eventual repercusión en cuestións de xénero ... ao órgano competente en materia de igualdade*". Desta forma, poderase facer unha análise real da avaliación dos resultados do impacto de xénero e introducir, no seu caso, medidas correctivas axeitadas en futuros anteproxectos e normas.

Segundo o Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, será a Dirección Xeral de Promoción da Igualdade, o órgano competente para emitir informe de impacto de xénero.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: KGxsfcYmtMF1 https://sede.xunta.gal/cve

**De acordo con todo o indicado, INFORMO:**

Que o proxecto de anteproxecto de Lei de Medida Excepcional en Materia Fiscal, é positivo coa normativa en materia de igualdade entre mulleres e homes, pois a renda per cápita das mulleres é inferior a dos homes, polo que no caso das mulleres integradas en familias monomarentais, familias vítimas de violencia de xénero ou de tratarse de mulleres en risco de exclusión social pode ser crucial para as súas finanzas a dita devolución polo que é recomendable coñecer o sexo das persoas que resultan beneficiarias.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2026

A subdirectora xeral de
Promoción da Igualdade

Concepción Pereira Otero

A directora xeral de
Promoción da Igualdade

María Quintiana Pérez

**Asinado por:** LOZANO MONTES, LUCIA
**Cargo:** Xefatura de Sección
**Data e hora:** 16/02/2026 12:01:47
**Motivo:** Copia electrónica de documento orixinal en papel

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: KGxsfcYmtMF1 https://sede.xunta.gal/cve

# INFORME SOBRE O ANTEPROXECTO DE LEI DE MEDIDA EXCEPCIONAL DE CARÁCTER FISCAL

## I. ANTECEDENTES

Solicitado informe desta Asesoría Xurídica Xeral sobre o anteproxecto de lei de medidas fiscais e administrativas, emítese o dito informe con carácter de urxencia, tendo en conta que está prevista a súa aprobación polo Consello da Xunta de Galicia do día 15 de febreiro de 2026.

## II. OBSERVACIÓNS DE CARÁCTER XERAL

### Primeira. Competencia

A competencia para a emisión deste informe establécese no artigo 8.a) da Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público, e no artigo 8.1 do Regulamento de Réxime Interior da Xunta de Galicia, aprobado polo Decreto 111/1984, do 25 de maio.

### Segunda. Natureza da regulación proxectada

Sométese a informe un anteproxecto de lei de medida excepcional de carácter fiscal. A exposición de motivos da norma explica que un dos instrumentos de control da aplicación dos beneficios fiscais é a exixencia de uso de medios de pago trazables "*pois permiten verificar a realidade da operación, reducir o risco de facturas falsas ou simuladas, facilitar a comprobación administrativa e evitar a utilización instrumental do beneficio fiscal*". Polo tanto, "*a xustificación de que o gasto suxeito a dedución non poda realizarse mediante entregas de diñeiro de curso legal obedece á necesidade de que o gasto teña que estar debidamente xustificado e rexistrado a través de medios de pago que permitan verificar a realidade da transacción e a orixe inmediata dos fondos dedicados ao mesmo*".

O texto continúa expresando que "*no texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, a Comunidade Autónoma de Galicia, no exercicio das competencias normativas en materia de tributos cedidos, ten aprobado diferentes beneficios fiscais que exclúen como medio de xustificación do gasto fiscalmente deducible as entregas de diñeiro de curso legal*".

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: qJOQ9LLYxIP1 https://sede.xunta.gal/cve

ASESORIA XURIDICA XERAL
Edificio administrativo de San Caetano, num. 1 - 1
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 545 898 / 981 545 876 - Fax: 981 545 896
asesoria.xuridica.xeral@xunta.gal

*"Na Lei 5/2025, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas engádese o artigo 5. Vinte cinco ao texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo" (...) que regula a dedución pola adquisición de libros de texto e material escolar no imposto sobre a renda das persoas físicas, sinalando no tocante aos medios de xustificación do gasto que: "A acreditación do gasto pola adquisición dos libros de texto e do material escolar realizarase mediante a factura detallada dos bens adquiridos e os xustificantes do pagamento efectuado mediante tarxeta de crédito ou débito, transferencia bancaria, cheque nominativo, ingreso en conta en entidades de crédito ou a través de plataformas de servizos de pagamentos electrónicos instantáneos autorizadas en España. En ningún caso darán dereito a practicar esta dedución as cantidades satisfeitas mediante entregas de diñeiro de curso legal"."*

*"Sen embargo, dado que a norma publicouse ao fin do 2025 e coa finalidade de non prexudicar a quenes realizaron o gasto en material escolar e libros de texto no período 1 de xullo a 31 de decembro de 2025 en diñeiro de curso legal, descoñecendo que non se iba a admitir como medio válido para acreditar o mesmo procede modificar a Disposición adicional quinta da Lei 5/2025, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas para admitir ese medio de pago para a aplicación da dedución pola adquisición de libros de texto e material escolar na cota íntegra autonómica do imposto sobre a renda das persoas físicas aplicable no período impositivo 2025. Deste xeito, con carácter excepcional e polos motivos expostos, se permite o pago en diñeiro de curso legal dos gastos en material escolar e libros de texto no período 1 de xullo a 31 de decembro de 2025."*

Estamos, polo tanto, ante unha modificación de carácter puntual da Lei 5/2025,do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, polas razóns expresadas na exposición de motivos.

**Terceira. Procedemento**

O procedemento de elaboración de anteproxectos de lei regúlase de xeito disperso en varios textos normativos.

Así, ademais das previsións xerais dos artigos 6, 8 e 16 do Regulamento de réxime interior da Xunta de Galicia, conforme ao artigo 12 da Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, resulta necesaria a elaboración dunha memoria económica financeira e dun informe da dirección xeral competente en materia de orzamentos.

Así mesmo, conforme ao artigo 22 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, é preceptivo o informe sobre impacto de xénero.

As copias en papel deste documento terán a condición de copia e serán verificables a través deste código
CVE: aJDO8LYXP1 https://sede.xunta.gal/cve

ASESORIA XURIDICA XERAL
Edificio administrativo de San Caetano, num. 1 - 1
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 545 898 / 981 545 876 - Fax: 981 545 896
asesoria.xuridica.xeral@xunta.gal

Xunto ao anterior, debe terse en conta o disposto no artigo 37 a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, prevé que *"En todas as iniciativas normativas xustificarase a adecuación das mesmas aos principios de necesidade, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, accesibilidade, simplicidade e eficacia"*. No caso que nos ocupa, esta xustificación ven facilitada polo carácter puntual da modificación que se efectúa e a simplicidade da súa formulación.

A documentación acreditativa dos trámites procedimentais efectuados debe incorporarse ao expediente.

**III. OBSERVACIÓNS AO TEXTO**

O anteproxecto de lei está composto dun artigo único e unha disposición derradeira.

O artigo Único recolle a modificación da disposición adicional quinta da Lei 5/2025, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas consistente en engadir ao precepto o seguinte texto; *"De xeito excepcional no ano 2025, serán tamén admisibles as contías satisfeitas mediante entregas de diñeiro de curso legal"*. Por razóns de técnica lexislativa resulta recomendable incluír a seguinte rúbrica do artigo único: *"Modificación da disposición adicional quinta da Lei 5/2025, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas"*.

Así mesmo, o anteproxecto consta dunha disposición derradeira primeira, "Entrada en vigor", que expresa: *"Esta lei produce efectos desde 1 de xaneiro de 2025"*. Polo tanto, de forma coherente coa finalidade da norma, dáse efectos retroactivos á regulación.

**IV. CONCLUSIÓN**

Esta Asesoría Xurídica entende que o anteproxecto remitido para informe enmárcase nas competencias da Comunidade autónoma de Galicia e se axusta ao bloque da constitucionalidade, acomodándose a súa parte expositiva e dispositiva, á técnica xurídica e normativa.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O secretario xeral da Asesoría Xurídica Xeral

Asinado por: PILLADO QUINTÁNS, MANUEL
Cargo: Secretario Xeral
Data e hora: 15/02/2026 12:27:42

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: qJOQ9LLYxIP1 https://sede.xunta.gal/cve

ASESORIA XURIDICA XERAL
Edificio administrativo de San Caetano, num. 1 - 1
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 545 898 / 981 545 876 - Fax: 981 545 896
asesoria.xuridica.xeral@xunta.gal

# INFORME DE LEGALIDADE SOBRE O ANTEPROXECTO DE LEI DE MEDIDA EXCEPCIONAL DE CARÁCTER FISCAL FISCAL

En cumprimento do disposto no artigo 7 do Regulamento de réxime interior da Xunta de Galicia, aprobado polo Decreto 111/1984, do 25 de maio, esta Secretaría Xeral Técnica e do Tesouro emite o preceptivo informe de legalidade sobre o *Anteproxecto de lei de medida excepcional en materia fiscal.*

Esta norma establece unha medida excepcional en materia fiscal dirixida a permitir o pago en diñeiro de curso legal dos gastos en material escolar e libros de texto no período 1 de xullo a 31 de decembro de 2025, para a aplicación da dedución pola adquisición de libros de texto e material escolar na cota íntegra autonómica do imposto sobre a renda das persoas físicas aplicable no período impositivo 2025, modificando a Disposición adicional quinta da Lei 5/2025, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas relativa á aplicación da dedución pola adquisición de libros de texto e material escolar na cota íntegra autonómica do imposto sobre a renda das persoas físicas aplicable no período impositivo 2025.

**I.- Competencia.**

O fundamento competencial do anteproxecto atópase na disposición adicional primeira do Estatuto de Autonomía de Galicia, en canto establece que se cede á Comunidade Autónoma de Galicia o rendemento do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, con carácter parcial co límite do 33 por 100.

A Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas, constitúe o marco orgánico xeral polo que se rexe o citado réxime de cesión.

Ese marco orgánico é desenvolvido, con carácter xeral, pola Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía e se modifican determinadas normas tributarias, e para o caso da Comunidade Autónoma de Galicia, pola Lei 17/2010, do 16 de xullo, do réxime de cesión de tributos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia e de fixación do alcance e condicións da devandita cesión.

Mediante esta Lei 17/2010, do 16 de xullo, procedeuse á adecuación do contido da alínea un da disposición adicional primeira do Estatuto de Autonomía de Galicia ao novo réxime de cesión de tributos que se contempla na Lei 22/2009, do 18 de decembro, e, así mesmo, a regular o réxime específico da devandita cesión á

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: mWyboq6uX5r9 https://sede.xunta.gal/cve

Comunidade Autónoma Galicia, de modo que se determina o alcance e condicións da cesión a esta comunidade autónoma e atribúeselle a facultade de ditar para si mesmas normas lexislativas nos casos e condicións previstos na Lei 22/2009, do 18 de decembro.

No exercicio das competencias normativas en materia de tributos cedidos, no texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, a Comunidade Autónoma de Galicia, ten aprobado diferentes beneficios fiscais, entre os que se atopa, no seu artigo 5, apartado vinte e cinco, a dedución pola adquisición de libros de texto e material escolar.

**II.- Contido.**

O anteproxecto de lei estrutúrase nun artigo único que modifica a Disposición Adicional Quinta da Lei 5/2025, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas

Inclúe unha disposición derradeira única relativa á súa entrada en vigor.

A lei axústase aos principios de boa regulación contidos no artigo 37 a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico de Galicia, ao responder as medidas previstas á satisfacción de necesidades de interese xeral coa debida proporcionalidade, eficacia e eficiencia, ao recollerse na norma os obxectivos perseguidos e a súa xustificación como esixe o principio de transparencia, e ao introducirse, conforme ao principio de seguridade xurídica, as modificacións precisas nas disposicións vixentes.

**III.- Tramitación.**

O 9 de febreiro de 2026 o conselleiro de Facenda e Administración Pública acordou que se iniciase a tramitación do anteproxecto de lei.

O anteproxecto de lei conta cunha memoria xustificativa, unha memoria económica, e unha táboa de vixencias.

Consonte o esixido polo artigo 12 da Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, emitiuse o preceptivo informe da dirección xeral competente en materia de orzamentos.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: mVybq6uX5r9 https://sede.xunta.gal/cve

Así mesmo, conta co informe de impacto de xénero, en cumprimento do disposto artigo 22 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

Pola súa banda, a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social e Xuventude, órgano con competencias en materia de dinamización demográfica, realizou as observacións que considerou pertinentes sobre o impacto demográfico do anteproxecto, de conformidade co esixido polo artigo 8 da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia.

O anteproxecto de lei conta ademais co informe da Asesoría Xurídica Xeral, en cumprimento do artigo 8 da Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público.

**IV Vixencia**

Esta lei entrará en vigor con efectos do 1 de xaneiro de 2025

**V Conclusión**

De acordo co exposto, esta Secretaría Xeral Técnica e do Tesouro informa favorablemente o anteproxecto de lei de referencia, ao estimar que queda garantida a legalidade da disposición.

Santiago de Compostela, na data da súa sinatura dixital

O secretario xeral técnico e do Tesouro

David Cabañó Fernández

**Asinado por:** CABAÑÓ FERNÁNDEZ, DAVID
**Cargo:** Secretario Xeral Técnico e do Tesouro
**Data e hora:** 16/02/2026 10:08:08

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: mWyboq6uX5r9 https://sede.xunta.gal/cve

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 24.02.2026 Hora: 10:00**

**Orde do día**

2. Comparecencia

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 24.02.2026        Hora: 10:00**

**Orde do día**

2.1    50247(12/CPP-000088)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, por petición propia, para informar sobre a situación xeral do servizo ferroviario en Galicia

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2026 10:20:43
Nº Rexistro: 50247
Data envío: 11/02/2026 10:20:43.335

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante o Pleno do Parlamento- do conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, para informar sobre **a situación xeral do servizo ferroviario en Galicia.**

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

**Sr. Presidente do Parlamento de Galicia**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: REXPG-rV6ruV8vL-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 11/02/2026 10:20:40

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2026 10:20:43
Nº Rexistro: 50247
Data envío: 11/02/2026 10:20:43.335

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/02/2026 10:20:43**

CSV: REXPG-rV6ruV8vL-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 24.02.2026        Hora: 10:00**

**Orde do día**

3. Mocións

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 24.02.2026        Hora: 10:00**

**Orde do día**

3.1 50513(12/MOC-000104)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla

Sobre a actualización da lexislación galega en materia de inclusión social (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 955, publicada no BOPG núm. 12f1, do 17 de abril de 2024, e debatida na sesión plenaria do 12 de febreiro de 2026)

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 18:15:10
Nº Rexistro: 50513
Data envío: 12/02/2026 18:15:10.815

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o 11 de febreiro, sobre a actualización da lexislación galega en materia de inclusión social (doc. núm **955**, [**12/INT-000032**]).

**Moción**

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a impulsar, de maneira inmediata e dialogada coas entidades do terceiro sector de acción social e os concellos, a reforma da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galiza co obxectivo principal de evitar que ningunha persoa residente na Galiza caia ou fique na pobreza e na exclusión social, buscando para iso o seu desenvolvemento integral como ser humano e promovendo e mellorando as súas condicións económicas e sociais.

Esta reforma deberá ter en conta, entre outras, as seguintes cuestións:

1. Sobre a Renda de inclusión social de Galiza:

a) uns ingresos mínimos cuxo limiar infranqueábel se axuste á taxa de risco de pobreza conforme aos datos publicados polo Instituto Galego de Estatística (IGE).

b) a natureza complementaria e subsidiaria desta prestación económica con outros ingresos, tanto aqueles procedentes de prestacións semellantes como o Ingreso Mínimo Vital (IMV), como coas rendas procedentes do traballo

Asinado o día 12/02/2026 ás 18:14
Por Olalla Rodil Fernández

CSV: REXPG-L5GqUKbvw-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 18:15:10
Nº Rexistro: 50513
Data envío: 12/02/2026 18:15:10.815

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sempre que non se supere a contía máxima do Salario Mínimo Interprofesional.

c) a creación dunha prestación complementaria de vivenda dirixida a cubrir as necesidades relacionadas coa vivenda ou aloxamento habitual.

2. Incluirase na reforma da Lei de inclusión social a regulación da Tarxeta Básica como un recurso permanente de emerxencia para garantir o acceso a produtos de primeira necesidade a aquelas persoas que así o precisen de acordo coa súa situación económica que servirá de ponte para solicitantes doutras prestacións.

3. Deseñar programas específicos de loita contra a pobreza dirixidos a fogares, colectivos sociais e persoas vulnerabilizadas como familias monoparentais, persoas con difícil empregabilidade ou poboación migrante. Estes plans terán un carácter plurianual e deberán estar debidamente orzados e calendarizados."

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2026

CSV: REXPG-L5GqUKbww-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 18:15:10
Nº Rexistro: 50513
Data envio: 12/02/2026 18:15:10.815

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 12/02/2026 18:14:52**

CSV: REXPG-L5GqUKbww-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 18:15:10
Nº Rexistro: 50513
Data envio: 12/02/2026 18:15:10.815

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/02/2026 18:15:12**

CSV: REXPG-L5GqUKbww-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 24.02.2026 Hora: 10:00**

**Orde do día**

3.2 50654(12/MOC-000105)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes

Sobre a política de normalización lingüística da Xunta de Galicia e os resultados do programa 151A, de fomento da lingua galega, desde 2009 (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 45418, publicada no BOPG núm. 319f2, do 22 de xaneiro de 2026, e debatida na sesión plenaria do 10 de febreiro de 2026)

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2026 13:09:40
Nº Rexistro: 50654
Data envío: 13/02/2026 13:09:40.134

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o 11 de febreiro, sobre a política de normalización lingüística da Xunta de Galicia e os resultados do programa 151A, de fomento da lingua galega, desde 2009 (doc. núm **45418**, [**12/INT-001522**).

**Moción**

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Ampliar progresivamente o orzamento da Xunta destinado a política lingüística que permita impulsar as medidas que se planifiquen para a presente lexislatura até triplicar a cantidade actual.

2. Derrogar o Decreto 79/2010 e substituílo por unha nova normativa que garanta a aprendizaxe do galego como lingua vehicular no ensino, consonte as propostas institucionais e sociais que están a dirixirlle ao goberno.

3. Desenvolver de xeito prioritario e inmediato as medidas sectoriais vixentes do Plan Xeral de Normalización Lingüística.

4. Iniciar os traballos de actualización da Lei de normalización lingüística do ano 1983 para adaptar un marco legal de referencia para a normalización social do galego como este á realidade sociolingüística actual."

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2026

Asinado o día 13/02/2026 ás 13:09
Por Ana Pontón Mondelo

Asinado o día 13/02/2026 ás 13:09
Por Mercedes Queixas Zas

CSV: REXPG-sgRbEC2Vi-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2026 13:09:40
**Nº Rexistro: 50654**
Data envío: 13/02/2026 13:09:40.134

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 13/02/2026 13:09:18**
**Ana Pontón Mondelo na data 13/02/2026 13:09:28**

CSV: REXPG-sgRbEC2Vi-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2026 13:09:40
**Nº Rexistro: 50654**
Data envio: 13/02/2026 13:09:40.134

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/02/2026 13:09:41**

CSV: REXPG-sgRbEC2Vi-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 24.02.2026 Hora: 10:00**

**Orde do día**

3.3 50656(12/MOC-000106)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Longueira Castro, Silvia

Sobre a planificación dos vindeiros dez anos que leva a cabo a Xunta de Galicia en materia de coidados e servizos sociais (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 45956, publicada no BOPG 323f1, do 29 de xaneiro de 2026, e debatida na sesión plenaria do 10 de febreiro de 2026)

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2026 13:23:58
Nº Rexistro: 50656
Data envío: 13/02/2026 13:23:58.544

# Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia,** por iniciativa da súa deputada **Silvia Longueira Castro**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **moción** para substanciar a Interpelación debatida na Sesión plenaria celebrada os días 10 e 11 de febreiro do 2026, sobre a planificación dos vindeiros dez anos que leva a cabo a Xunta de Galicia en materia de coidados e servizos sociais (12/INT-001544, doc. núm. 45956).

**Moción**

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Elaborar e presentar no prazo máximo de 12 meses un plan estratéxico galego de política social 2026-2036, con especial foco no envellecemento da poboación, que inclúa: diagnóstico demográfico e territorial detallado, proxeccións de necesidades de coidados ata 2036, memoria económica plurianual con financiamento garantido, sistema público de avaliación anual con comparecencia no Parlamento.
2. Aprobar un plan de choque para a redución das listas de espera da Dependencia, co obxectivo de:

   - Reducir nun 50% os tempos medios de resolución no prazo de tres anos.
   - Garantir que ningunha persoa espere máis de tres meses para recibir prestación recoñecida.

3. Reforzar estruturalmente o Servizo de Axuda no Fogar (SAF) mediante: incremento sostible da achega autonómica aos concellos, establecemento dun financiamento finalista estable e impulso á profesionalización e mellora das condicións laborais das traballadoras do sector.

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

Asinado o día 13/02/2026 ás 13:19
Por José Ramón Gómez Besteiro

Asinado o día 13/02/2026 ás 13:18
Por Silvia Longueira Castro

CSV: REXPG-vDv65OYjE-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2026 13:23:58
Nº Rexistro: 50656
Data envio: 13/02/2026 13:23:58.544

PSG PSOE

4. Desenvolver o Plan Galego contra a Soidade Non Desexada das Persoas Maiores, coordinado con concellos e terceiro sector, con indicadores específicos de impacto e avaliación anual.
5. Garantir a equidade territorial nos servizos sociais, mediante: implantación de unidades móbiles de atención sociosanitaria no rural, rede comarcal de centros de día e programas de transporte adaptado en concellos rurais.
6. Aprobar un plan de accesibilidade e adaptación de vivendas, co obxectivo de adaptar 100.000 fogares en dez anos, mediante axudas simplificadas e convenios coas comunidades de propietarios.
7. Incrementar progresivamente o investimento en políticas de coidados ata acadar, no ano 2036, un mínimo do 2,5% do PIB galego, garantindo financiamento suficiente e sostible.

Santiago de Compostela, 13 de febreiro do 2026

CSV: REXPG-vDv65OYjE-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2026 13:23:58
Nº Rexistro: 50656
Data envio: 13/02/2026 13:23:58.544

**Asinado dixitalmente por:**

**Silvia Longueira Castro na data 13/02/2026 13:18:39**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 13/02/2026 13:19:42**

CSV: REXPG-vDv65OYjE-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2026 13:23:58
Nº Rexistro: 50656
Data envio: 13/02/2026 13:23:58.544

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/02/2026 13:23:59**

CSV: REXPG-vDv65OYjE-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 24.02.2026 Hora: 10:00**

**Orde do día**

4. Proposicións non de lei

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 24.02.2026 Hora: 10:00**

**Orde do día**

4.1 38343(12/PNP-002819)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Ferro Iglesias, José Luis e 8 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central co fin de que lle transfira a totalidade dos fondos solicitados no marco do PERTE Nova Economía da Lingua

*Publicación da iniciativa, 283f1, 12.11.2025*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 17:46:27
Nº Rexistro: 38343
Data envío: 06/11/2025 17:46:27.909

PARLAMENTO DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **José Luis Ferro Iglesias, Carmen María Pomar Tojo, Cecilia Vázquez Suárez, Rubén Lorenzo Gómez, María Felisa Rodríguez Carrera, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Julio García Comesaña, Patricia García González, e Raúl Santamaría González,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Pleno**

**<u>Exposición de Motivos</u>**

O PERTE Nova Economía da Lingua foi presentado polo Goberno central como unha oportunidade para aproveitar o potencial do español e das linguas cooficiais en áreas como a intelixencia artificial, a tradución, a aprendizaxe, a divulgación cultural, a produción audiovisual, a investigación e a ciencia. Para iso, anunciouse un orzamento de 1.100 millóns de euros de investimento público, co obxectivo de mobilizar outros 1.000 millóns de investimento privado.

Pola súa parte, a Xunta de Galicia, en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela, puxo en marcha o Proxecto Nós, unha iniciativa presentada aos Fondos Next Generation, cun orzamento de 15 millóns de euros e coa previsión de mobilizar máis de 45 millóns de euros.

Da cantidade solicitada, o Goberno central tan só achegou a día de hoxe 3,5 millóns de euros, unha cantidade absolutamente insuficiente para un proxecto que aspira a situar o galego na sociedade e na economía dixital.

Dada esta situación e ante o remate en 2026 do Programa ALIA, que financia o devandito proxecto.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presentan a seguinte proposición non de lei en Pleno:

> "O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a reclamar do Goberno central a transferencia da totalidade dos fondos solicitados no marco do PERTE Nova Economía da Lingua

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2025

Asinado o día 06/11/2025 ás 17:45
Por Alberto Pazos Couñago

CSV: REXPG-Eglio5WeX-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 17:46:27
**Nº Rexistro: 38343**
Data envio: 06/11/2025 17:46:27.909

**Asinado dixitalmente por:**

**Alberto Pazos Couñago na data 06/11/2025 17:45:41**

CSV: REXPG-Eglio5WeX-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 17:46:27
**Nº Rexistro: 38343**
Data envio: 06/11/2025 17:46:27.909

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/11/2025 17:46:28**

CSV: REXPG-Eglio5WeX-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 24.02.2026        Hora: 10:00**

**Orde do día**

4.2 43192(12/PNP-003004)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Fernández González, Ariadna

Sobre as medidas que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para mellorar a situación do alumnado con necesidades educativas especiais

*Publicación da iniciativa, 310f1, 09.01.2026*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2025 12:42:22
Nº Rexistro: 43192
Data envío: 29/12/2025 12:42:22.700

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 29/12/2
12:41
Por Ana Pontón Monc

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Cristina Fernández Davila** e **Ariadna Fernández González**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre o aumento de matrícula nos últimos anos de alumnado con Necesidades Educativas Especiais e con Necesidades Específicas de Apoio Educativo nos centros escolares galegos e a necesidade de tomar medidas para que reciban unha atención personalizada e a súa inclusión sexa efectiva e real.

Asinado o día 29/12/2025 ás
12:40
Por Ariadna Fernández González

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os centros educativos galegos veñen detectando na última década un aumento do alumnado con diversidade nas aulas nunha importante proporción. O alumnado con Necesidades Educativas Especiais (NEE) é o que presenta algún tipo de discapacidade intelectual, física, sensorial..., ou trastorno grave de conduta, situacións recoñecidas con certificación oficial. Nun sentido máis amplo, atópase tamén o alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE), con trastornos da linguaxe ou dificultade lectora, de atención, atraso madurativo, altas capacidades, vulnerabilidade socioeducativa, alumnado estranxeiro con descoñecemento do idioma, incorporación tardía no sistema educativo...

Segundo os datos facilitados pola Consellería de Educación aos medios de comunicación o número de alumnado NEE aumentou en Galiza dende o 2021 un 47% e o NEAE entre o 2022 e o 2024 un 14,95%.

Asinado o día 29/12/2025 ás
12:40
Por Cristina Fernández Davila

Hai tres cuestións que producen este gran incremento:

1.- a sensibilización social que existe ao respecto destas situacións,

2.- unha maior capacidade de diagnóstico e

CSV: REXPG-I4LT16tPn-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2025 12:42:22
Nº Rexistro: 43192
Data envío: 29/12/2025 12:42:22.700

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3.- a chegada de máis alumnado estranxeiro.

Polo tanto dende o ano 2021 o número de alumnado con diversidade disparouse: o NEE pasou de 9.181 a 13.517; o NEAE de 15.873 a 28.148.

A situación particular de cada alumno/a dentro das aulas ao máximo das ratios, tan só reducidas pola Consellería en 4º e 5º de Infantil, supón para o profesorado un reto difícil de enfrontar cos recursos existentes nos centros, pois deberan estar proporcionando unha atención preferente e personalizada a este alumnado, cuxa presenza nas clases modifica os ritmos de traballo e aprendizaxe da totalidade do grupo.

A solución a esta situación está contemplada na actual Lei de Educación, así como na Orde do 8 de setembro de 2021 de atención á diversidade, con medidas que van dende o reforzo de profesorado, profesionais específicos ou a redución da ratios nas aulas con estas situacións, chegando a contemplar o desdobre da aula en dúas.

Aínda que a Consellería de Educación asegura ter contratados preto de 5000 profesionais para a atención á diversidade, 3000 deles especialistas en Pedagoxía Terapéutica e Audición e Linguaxe, non son efectivos estables nos centros e as directivas e ANPAS afirman ser insuficientes.

No primeiro trimestre deste curso escolar as direccións dos centros, as ANPAS e as familias non deixaron de presentar reclamacións ante a Consellería e denuncias ante a Valedora do Pobo e as mobilizacións foron constantes nos centros educativos que desencadeou numerosas datas de folga do profesorado convocado polo sindicato maioritario con apoio doutras organizacións sindicais. Todos eles reclamando unha negociación sobre as medidas necesarias para dar resposta a todas as demandas que a comunidade educativa está a realizar para mellorar a situación do alumnado e profesorado.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do BNG formula a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:



CSV: REXPG-I4LT16IPn-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2025 12:42:22
Nº Rexistro: 43192
Data envío: 29/12/2025 12:42:22.700

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

"O Parlamento de Galiza insta a Xunta a, tendo en conta as peticións das direccións, do profesorado e das familias:

1.- Actualizar o catálogo de profesorado e especialistas existentes nos centros educativos para adecualo á nova realidade da matrícula, con maior alumnado con diagnósticos que esixen unha atención temperá e individualizada, alumnado migrante e con necesidades escolarizado en centros ordinarios.

2.- Fixar criterios máis amplos para a dotación de persoal de Pedagoxía Terapéutica e Audición e Linguaxe con destino definitivo nos centros.

3.- Computar como dobre ou triplo o alumnado NEAE nas aulas en todos os niveis e etapas dende o vindeiro curso escolar.

4.- Baixar as ratios en todos os niveis das etapas de Infantil e Primaria dende o vindeiro curso escolar e planificar coas organizacións sindicais o descenso da ratio na ESO e no resto de estudos postobrigatorios.

5.- Impulsar plans de formación específicos para todo o profesorado sobre alumnado con diversidade e os distintos protocolos existentes."

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2025

CSV: REXPG-I4LT16IPn-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2025 12:42:22
Nº Rexistro: 43192
Data envío: 29/12/2025 12:42:22.700

**Asinado dixitalmente por:**

**Cristina Fernández Davila na data 29/12/2025 12:40:24**
**Ariadna Fernández González na data 29/12/2025 12:40:41**
**Ana Pontón Mondelo na data 29/12/2025 12:41:01**

CSV: REXPG-l4LT16lPn-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2025 12:42:22
**Nº Rexistro: 43192**
Data envio: 29/12/2025 12:42:22.700

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/12/2025 12:42:23**

CSV: REXPG-I4LT16IPn-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 24.02.2026 Hora: 10:00**

**Orde do día**

4.3 49603(12/PNP-003236)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 5 máis

Sobre as medidas e a postura que debe adoptar a Xunta de Galicia respecto da expansión da enerxía eólica mariña en Galicia

*Publicación da iniciativa, 332f1, 11.02.2026*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2026 12:53:19
Nº Rexistro: 49603
Data envío: 05/02/2026 12:53:19.770

Por José Manuel Golpe Acuña
Asinado o día 05/02/2 12:49
Por Daniel Castro Ga
Por Paulo Ríos Santomé
Asinado o día 05/02/2026 ás 12:49
Por Carmela González Iglesias
Asinado o día 05/02/2026 ás 12:49
Por Rosana Pérez Fernández
CSV: REXPG-3mI5pTUZS-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Rosana Pérez Fernández**, **Carmela González Iglesias** e dos deputados **Daniel Castro García, Oscar Insua Lema**, **Paulo Ríos Santomé** e **Xosé Manuel Golpe Acuña**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa á valoración da Xunta de Galiza dos "POEM de segundo ciclo" e do documento inicial estratéxico sometidos a consulta por parte do goberno estatal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Aínda recoñecendo na consulta pública do Segundo Ciclo dos POEM que "a tecnoloxía flotante non está tan madura como a de cimentación fixa", ou que a información sobre a actividade pesqueira é "inexistente ou incompleta", o Goberno do Estado quere acelerar definitivamente a instalación da eólica mariña nas zonas de alto potencial identificadas nos Plans de Ordenación do Espazo Marítimo (POEM).

E diante da consulta previa aos implicados que o Ministerio de Transición Ecolóxica leva a cabo para posteriormente elaborar a normativa que regule o procedemento de poxas das instalacións de eólica mariña, as declaracións do Goberno galego, por boca da súa conselleira de Economía e Industria, reclamando que "Galiza sexa unha das primeiras comunidades onde comecen a desenvolverse as poxas" resúltannos tan bochornosas como a ausencia e o silencio absoluto da Consellaría de Mar neste asunto.

Malia ter afirmado en resposta escrita remitida a pregunta deste Grupo Parlamentar que *"Galicia aspira a ser un referente no desenvolvemento da eólica*

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2026 12:53:19
Nº Rexistro: 49603
Data envío: 05/02/2026 12:53:19.770

bng
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

*mariña. Porén, desde un primeiro momento, a Xunta tivo claro que este desenvolvemento requiriría dunhas claras garantías de coexistencia e compatibilidade co medio mariño e coa actividade xa implantada, de maneira especial coa actividade pesqueira … Por iso mesmo, antes de falar de proxectos concretos, Galicia sempre quixo que o Goberno central despexara todas as dúbidas tras aprobar os POEM. Con independencia da información tida en conta no proceso de elaboración, si que desde a Xunta de Galicia se considera que a planificación dos espazos marítimos por parte do Goberno central se fixo sen un consenso real coa Xunta, co sector marítimo-pesqueiro e coa industria"*, parece agora que o Goberno galego considera que xa existen "*claras garantías de coexistencia e compatibilidade co medio mariño e coa actividade xa implantada, de maneira especial coa actividade pesqueira"* e que xa desapareceron todas as dúbidas que quedaban após a aprobación dos POEM.

Porén, a realidade é que Galiza segue a ser a primeira potencia pesqueira do Estado e unha das primeiras da UE, que a actividade marisqueira e mexilloeira abrangue múltiples puntos das nosas costas que estarían afectadas polas instalacións asociadas á eólica mariña, que seguen sen aportarse informes, nin polo Goberno nin pola Xunta, sobre o impacto do desenvolvemento da eólica mariña no sector pesqueiro e nos ecosistemas mariños, que a afectación que se produza non será só directa sobre o sector pesqueiro senón tamén sobre unha chea de actividades económicas relacionadas con el, ou que o noso país xa cumpre os obxectivos de contribución renovábel á xeración eléctrica fixados no Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC).

Ademais, o documento do Goberno do Estado referido aos POEM de 2º ciclo reflicte claramente a ausencia de estudos no relativo á pesca e marisqueo, fala da importancia do "sector económico" mais sen avaliar o valor desta actividade, tanto social como economicamente. Tampouco recolle nin unha soa mención aos caladoiros históricos de pesca afectados polas zonas NOR 1, 2, 3, 4 e 5, ou establece unha Declaración Inicial Estratéxica (DIE) única para os POEM das cinco demarcacións



CSV: REXPG-3ml5pTUZS-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2026 12:53:19
Nº Rexistro: 49603
Data envío: 05/02/2026 12:53:19.770

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mariñas, sen ter en conta as características xeolóxicas, climatolóxicas, oceanográficas e biolóxicas das distintas costas (atlántica, cantábrica e mediterránea) en cada caso.

Por todas estas razóns, e por moitas outras que se poderían esgrimir, as declaracións da conselleira de Economía e Industria e o silencio total da Consellaría de Mar son especialmente inexplicábeis.

Unha vez máis, é evidente que o Goberno do Partido Popular na Xunta de Galiza deixa de lado ás actividades que xa están implantadas, que son o piar básico da economía de ducias de concellos costeiros do noso país, que son sostíbeis, que representan no seu conxunto case o 5% do PIB galego e aposta incondicionalmente e cos ollos pechados polos intereses do oligopolio eléctrico a conta do que sexa e por un modelo depredador dos recursos de todos os galegos e galegas.

E con estas premisas, estamos diante dun tema que, como xa pasou na implantación da eólica terrestre no noso país, mesmo pode modificar o noso territorio e o noso modo de vida en gran parte de Galiza, alén de non respectar o Principio de Precaución e vulnerar os dereitos históricos do sector pesqueiro galego que agora a conselleira de industria busca "resarcir con compensacións ao sector".

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

"O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a

. Rexeitar as declaracións públicas realizadas pola titular da Consellaría de Economía e Industria da Xunta de Galiza.

. Incluír nas súas posíbeis consideracións diante da consulta previa que realiza o Ministerio de Transición Ecolóxica aos implicados, a reclamación de que calquera



CSV: REXPG-3ml5pTUZS-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2026 12:53:19
Nº Rexistro: 49603
Data envío: 05/02/2026 12:53:19.770

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

revisión dos POEM ou de comezo de procedementos de poxa terá que contar cos informes científicos que avalen a falta de impacto nos ecosistemas mariños e coa avaliación das consecuencias socioeconómicas que a implantación da eólica mariña traerían para o noso país.

. En consecuencia, esixir ao Goberno do Estado a desistencia de levar a cabo calquera extensión de zonas para o desenvolvemento da eólica mariña en Galiza e de emprender ningunha poxa que a posibilite.

. Apoiar as reivindicacións da Plataforma en Defensa da Pesca e dos Ecosistemas Mariños a este respecto".

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: REXPG-3ml5pTUZS-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2026 12:53:19
Nº Rexistro: 49603
Data envío: 05/02/2026 12:53:19.770

**Asinado dixitalmente por:**

**Rosana Pérez Fernández na data 05/02/2026 12:49:27**
**Carmela González Iglesias na data 05/02/2026 12:49:35**
**Daniel Castro García na data 05/02/2026 12:49:45**
**Óscar Insua Lema na data 05/02/2026 12:49:51**
**Paulo Ríos Santomé na data 05/02/2026 12:50:01**
**José Manuel Golpe Acuña na data 05/02/2026 12:50:10**

CSV: REXPG-3ml5pTUZS-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2026 12:53:19
**Nº Rexistro: 49603**
Data envío: 05/02/2026 12:53:19.770

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/02/2026 12:53:20**

**CSV:** REXPG-3ml5pTUZS-8
**Verificación:**
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 24.02.2026 Hora: 10:00**

**Orde do día**

4.4 49610(12/PNP-003237)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que complemente con fondos propios o programa do bono alugueiro financiado con fondos estatais

*Publicación da iniciativa, 332f1, 11.02.2026*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2026 12:56:59
Nº Rexistro: 49610
Data envío: 05/02/2026 12:56:59.362

Grupo
Parlamentario
Socialista

Asinado o día 05/02/2
12:54
Por José Ramón Gón

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados, **Aitor Bouza Manso e Carlos López Font**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O acceso a unha vivenda digna e axeitada constitúe un dereito básico e un dos principais factores de igualdade e cohesión social. Porén, Galicia atravesa unha situación cada vez máis complexa no mercado do alugueiro, cun incremento sostido dos prezos, unha oferta insuficiente e unha especial dificultade de acceso para persoas novas, familias con rendas medias e baixas e colectivos en situación de maior vulnerabilidade.

Asinado o día 05/02/2026 ás
12:53
Por Carlos López Font

Neste contexto, as axudas públicas ao alugueiro, e en particular o bono alugueiro financiado con fondos estatais, resultan unha ferramenta esencial para facilitar a emancipación, evitar situacións de exclusión residencial e garantir que o dereito á vivenda non quede condicionado unicamente á hora de entrada das persoas solicitantes.

Non obstante, nos últimos exercicios vénse constatando que o crédito asignado ao bono alugueiro resulta insuficiente para atender o conxunto das solicitudes presentadas que cumpren os requisitos establecidos, deixando fóra a numerosas persoas beneficiarias potenciais exclusivamente por falta de dotación orzamentaria. Esta situación xera frustración social, desigualdade no acceso ás axudas e unha evidente falta de corresponsabilidade por parte da Xunta de Galicia no desenvolvemento das políticas públicas de vivenda.

Asinado o día 05/02/2026 ás
12:53
Por Aitor Bouza Manso

CSV: REXPG-QFgalfPKs-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cómpre lembrar que a Xunta de Galicia ten competencia exclusiva en materia de vivenda e capacidade orzamentaria para complementar, con fondos autonómicos, os programas estatais, garantindo así unha cobertura máis ampla e efectiva das necesidades reais da cidadanía galega. A negativa a facelo supón trasladar toda a presión ao Estado e renunciar a exercer unha política de vivenda ambiciosa, planificada e adaptada á realidade galega.

Por todo o exposto, resulta necesario que o Goberno galego asuma un maior compromiso financeiro e político e complemente o bono alugueiro con recursos propios, de xeito que ningunha persoa que cumpra os requisitos quede excluída por falta de fondos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a complementar con fondos propios da Comunidade Autónoma o programa do bono alugueiro, co obxectivo de garantir a cobertura do 100% das solicitudes presentadas que cumpran os requisitos establecidos na convocatoria correspondente.

Santiago de Compostela, 5 de febreiro do 2026

CSV: REXPG-QFgalfPKs-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2026 12:56:59
**Nº Rexistro: 49610**
Data envío: 05/02/2026 12:56:59.362

**Asinado dixitalmente por:**

**Aitor Bouza Manso na data 05/02/2026 12:53:49**
**Carlos López Font na data 05/02/2026 12:53:54**
**José Ramón Gómez Besteiro na data 05/02/2026 12:54:01**

CSV: REXPG-QFgalfPKs-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2026 12:56:59
Nº Rexistro: 49610
Data envio: 05/02/2026 12:56:59.362

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/02/2026 12:57:00**

CSV: REXPG-QFgaIfPKs-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 24.02.2026 Hora: 10:00**

**Orde do día**

4.5 49676(12/PNP-003250)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co obxectivo de deseñar e impulsar as políticas en materia de corresponsabilidade

*Publicación da iniciativa, 332f1, 11.02.2026*

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2026 17:20:14
Nº Rexistro: 49676
Data envío: 05/02/2026 17:20:14.170

PSG PSOE Parlamento de Galicia

Grupo
Parlamentario
Socialista

Asinado o día 05/02/2026 ás 17:16
Por Silvia Longueira Castro

**Á MESA DO PARLAMENTO**

**O Grupo Parlamentario Socialista,** por iniciativa das súas deputadas, **María Carmen Rodríguez Dacosta, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro dos disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **en pleno.**

Nos últimos anos producíronse avances moi relevantes en materia de corresponsabilidade grazas ás políticas impulsadas polo Goberno de España, en particular coa equiparación e ampliación dos permisos por nacemento e coidado do menor. A configuración destes permisos como dereitos iguais, intransferibles e plenamente retribuídos**,** baixo o Goberno presidido por Pedro Sánchez, demostrou que cando as políticas públicas eliminan penalizacións económicas e profesionais, a corresponsabilidade entre mulleres e homes avanza de forma efectiva.

Asinado o día 05/02/2026 ás 17:16
Por Elena Espinosa Mangana

En Galicia, estes avances son evidentes. No ano 2025 rexistráronse máis de 22.000 prestacións por nacemento e coidado do menor, cun reparto practicamente paritario entre homes e mulleres, chegando incluso a unha lixeira maioría masculina no desfrute destes permisos. Estes datos confirman que as políticas públicas ben deseñadas teñen capacidade real para modificar patróns tradicionais de xénero.

Porén, esta evolución positiva contrasta de maneira clara co que acontece cando os coidados se prolongan máis alá do permiso por nacemento ou cando se trata de atender outras persoas dependentes. Neses casos, a conciliación segue resolvéndose maioritariamente a través de excedencias e reducións de xornada que recaen de forma abafadora sobre as mulleres**.**

Asinado o día 05/02/2026 ás 17:16
Por Carmen Rodríguez Dacosta

CSV: REXPG-58kWIBPwS-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
28071 Madrid
@PSdeG

En Galicia, máis do 80 % das excedencias por coidado de familiares son solicitadas por mulleres, o que pon de manifesto que a carga da conciliación segue tendo un forte nesgo de xénero. Esta realidade non responde a eleccións libres individuais, senón a condicionantes estruturais do mercado laboral, onde a perda de ingresos, a interrupción da carreira profesional e a penalización futura en termos de cotizacións e promoción continúan expulsando ás mulleres, de forma temporal ou permanente, do emprego.

Neste contexto, a Consellería de Emprego ten unha responsabilidade clave. As políticas activas de emprego, as axudas ás empresas, a regulación da organización do tempo de traballo e os incentivos públicos deben orientarse non só a facilitar medidas formais de conciliación, senón a evitar que a conciliación se siga resolvendo a costa do emprego feminino.

Resulta imprescindible avanzar cara a un novo enfoque das políticas de emprego, no que a conciliación e a corresponsabilidade se integren como elementos centrais, e no que estas actuacións se deseñen e avalíen no marco do diálogo social e dos órganos de participación, garantindo a implicación das organizacións sindicais e empresariais máis representativas.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que, a través da Consellería de Emprego, adopte as seguintes actuacións:

1. Realizar, no marco do diálogo social galego e dos órganos de participación institucional en materia de emprego, en particular no Consello Galego de Emprego, unha avaliación exhaustiva da situación das excedencias e redución de xornada por coidados en Galicia, con especial atención ao seu impacto diferenciado por razón de sexo.

CSV: REXPG-58kWIBPwS-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2026 17:20:14
Nº Rexistro: 49676
Data envío: 05/02/2026 17:20:14.170

Esta avaliación deberá analizar, entre outras cuestións:

a) a distribución por sexo, idade, sector, tipo de contrato e provincia,

b) as causas laborais, económicas e organizativas que levan ás persoas traballadoras a solicitar excedencias ou reducións,

c) os efectos sobre a carreira profesional, a estabilidade no emprego, as cotizacións e a brecha salarial,

d) o papel das empresas e da negociación colectiva na adopción ou ausencia de medidas alternativas de conciliación.

2. Deseñar, a partir das conclusións da avaliación e no mesmo marco do diálogo social, un conxunto de medidas concretas de política de emprego orientadas a reducir o nesgo de xénero existente nas excedencias e reducións de xornada por coidados desde a perspectiva laboral.

3. Dar conta ao Parlamento de Galicia, no prazo máximo de dous meses, dos resultados da avaliación realizada, das conclusións acadadas no marco do diálogo social e das medidas propostas ou acordadas para corrixir a situación.

4. Garantir a publicación periódica de datos desagregados por sexo sobre excedencias, reducións de xornada e medidas de conciliación no ámbito laboral en Galicia, como instrumento de transparencia e avaliación das políticas públicas.

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2026

CSV: REXPG-58kWIBPwS-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
28071 Madrid
@PSdeG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2026 17:20:14
Nº Rexistro: 49676
Data envío: 05/02/2026 17:20:14.170

Grupo
Parlamentario
Socialista

CSV: REXPG-58kWIBPwS-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
28071 Madrid
@PSdeG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2026 17:20:14
**Nº Rexistro: 49676**
Data envío: 05/02/2026 17:20:14.170

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Rodríguez Dacosta na data 05/02/2026 17:16:26**
**Elena Espinosa Mangana na data 05/02/2026 17:16:39**
**Silvia Longueira Castro na data 05/02/2026 17:16:46**
**José Ramón Gómez Besteiro na data 05/02/2026 17:18:13**

CSV: REXPG-58kWIBPwS-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2026 17:20:14
Nº Rexistro: 49676
Data envío: 05/02/2026 17:20:14.170

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/02/2026 17:20:15**

CSV: REXPG-58kWIBPwS-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 24.02.2026 Hora: 10:00**

**Orde do día**

4.6 49710(12/PNP-003256)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 8 máis

Sobre as actuacións que debe pór en marcha a Xunta de Galicia ante a actitude do Goberno central coas políticas galegas en materia de dependencia e servizos sociais

*Publicación da iniciativa, 332f1, 11.02.2026*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2026 18:02:26
Nº Rexistro: 49710
Data envío: 05/02/2026 18:02:26.822

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus **Raquel Arias Rodríguez, Noelia Pérez López, María Encarnación Amigo Díaz, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, María Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte proposición non de lei para o seu debate en **Pleno** en rexeitamento do recurso presentado polo Goberno de España contra o plan de choque da dependencia da Xunta de Galicia.

O pasado 29 de xaneiro de 2026, vimos de coñecer a decisión do Tribunal Constitucional de admitir a trámite o recurso de inconstitucionalidade presentado polo Goberno de Pedro Sánchez contra o Plan de Choque de Dependencia elaborado pola Xunta. Esta decisión conleva a suspensión automática dos preceptos impugnados, o que supón un pau administrativo que paraliza medidas pioneiras deseñadas para reducir as listas de espera e simplificar a burocracia.

O Plan de Choque da Xunta de Galicia permitiu que máis de 12.600 persoas vexan recoñecido o seu grao de discapacidade e dependencia de forma automática e simplificada desde a súa posta en marcha en xaneiro de 2025.

Este acto do Executivo Central, ignora a urxencia dos galegos dependentes e actúa como un "pau nas rodas" da autonomía galega.

É cando menos incomprensible que, mentres o Estado mantén unha débeda acumulada con Galicia de 2.900 millóns de euros en materia de dependencia, incumprindo o financiamento ao 50% que marca a lei, dedique os seus esforzos a bloquear solucións que xa estaban a funcionar.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Denunciar a decisión do Goberno central que paraliza o Plan de Choque de Dependencia da Xunta, o que supón un ataque directo aos dereitos dos máis de 12.000 galegos que se benefician da axilización administrativa.

Asinado o día 05/02/2026 ás 18:02
Por Alberto Pazos Couñago

CSV: REXPG-wiHNVOJEg-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2026 18:02:26
Nº Rexistro: 49710
Data envio: 05/02/2026 18:02:26.822

2. Interpoñer alegacións e recursos ante o Tribunal Constitucional para defender a constitucionalidade das súas competencias na xestión de servizos sociais e dependencia.

3. Esixir ao Goberno de España que cese no seu afán de bloquear as políticas sociais de Galicia, priorizando o benestar das persoas dependentes sobre as disputas competenciais.

4. Reclamar ao Goberno de España que cumpra as súas obrigas, abonando a débeda pendente cos galegos en materia de dependencia, e cofinanciando o 50% establecido na normativa."

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2026

CSV: REXPG-wiHNVOJEg-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2026 18:02:26
Nº Rexistro: 49710
Data envio: 05/02/2026 18:02:26.822

**Asinado dixitalmente por:**

**Alberto Pazos Couñago na data 05/02/2026 18:02:00**

CSV: REXPG-wiHNVOJEg-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2026 18:02:26
Nº Rexistro: 49710
Data envio: 05/02/2026 18:02:26.822

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/02/2026 18:02:27**

CSV: REXPG-wiHNVOJEg-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 24.02.2026 Hora: 10:00**

**Orde do día**

5. Interpelacións

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 24.02.2026        Hora: 10:00**

**Orde do día**

5.1 34163(12/INT-001230)

Grupo Parlamentario Mixto

Ojea Bouzo, Armando

Sobre a política da Xunta de Galicia en materia de prevención, xestión e recuperación forestal fronte aos incendios

*Publicación da iniciativa, 260f2, 25.09.2025*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 34163
Data envío: 17/09/2025 14:04:11.322

OFICINA PARLAMENTARIA
**Parlamento de Galicia**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 981 55 15 83
**gp-mixto@parlamentodegalicia.es**
15702 Santiago de Compostela
Galicia

**Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA**

O Grupo Parlamentario Mixto do Parlamento de Galicia, representado polo seu portavoz, D. Armando Ojea Bouzo, de Democracia Ourensana, ao abeiro do disposto nos artigos 147 e seguintes do Regulamento do Parlamento de Galicia, presenta a seguinte **INTERPELACIÓN sobre a política da Xunta de Galicia en materia de prevención, xestión e recuperación fronte aos incendios forestais, co especial impacto dos acontecidos en agosto de 2025 na provincia de Ourense,** para o seu debate en Pleno.

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Galicia leva décadas sufrindo as graves **consecuencias dos incendios forestais**, que **ameazan** de forma recorrente non só o noso **patrimonio natural**, senón tamén a **seguridade das persoas, o tecido económico e a cohesión social no medio rural**, pero neste ano a situación batiu un récord altamente lesivo e preocupante pola devastación provocada polos incendios.

No pasado mes de agosto de 2025, **a provincia de Ourense converteuse no epicentro dunha vaga de lumes que arrasou máis de 30.000 hectáreas**, afectando vivendas, negocios, explotacións agrogandeiras, viñedos, soutos e espazos naturais protexidos. O sucedido puxo de manifesto tanto a vulnerabilidade do noso territorio fronte ás condicións extremas de calor e sequía, como as **insuficiencias nas políticas de prevención**, planificación forestal, coordinación institucional e resposta inmediata.

Asemade, evidenciouse **a escaseza e limitación das axudas activadas, moito menores que as que ofrecen outras comunidades autónomas en situacións semellantes**, así como a falta dunha estratexia orzamentaria específica que permita recuperar dignamente ás persoas afectadas e restaurar as infraestruturas, servizos públicos e sectores produtivos danados.

Cómpre, pois, **abordar unha visión de conxunto, que combine a atención urxente ás vítimas e territorios máis prexudicados, coa posta en marcha dunha auténtica política galega de prevención e loita integral contra os incendios**

Asinado o día 17/09/2025 ás 14:03
Por Armando Ojea Bouzo

CSV: REXPG-kzQr6mRCV-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 34163
Data envio: 17/09/2025 14:04:11.322

forestais, baseada na innovación tecnolóxica, na mellora da ordenación do monte, na simplificación administrativa, na formación da cidadanía e no reforzo dos medios profesionais.

**INTERPELACIÓN**

Por todo o exposto, interpélase á Xunta de Galicia, para que dea conta no Pleno da súa política xeral en relación coa prevención, **xestión e recuperación fronte aos incendios forestais en Galicia**, e en particular sobre:

1. **Que criterios de planificación e prevención pensa implantar a Xunta** de Galicia para reducir o risco de grandes incendios forestais en todo o territorio, e como se van aplicar especificamente na provincia de Ourense, a máis afectada polos lumes deste ano?

2. **Que medidas de coordinación entre administracións** —Xunta, Deputacións e Concellos— prevé o Goberno galego para garantir unha resposta máis eficaz, e como se adaptarán esas medidas ás necesidades concretas de Ourense?

3. **Ten previsto o Goberno galego mellorar os recursos humanos e materiais de extinción**, e incrementar a formación cidadá e profesional, para reforzar a prevención e loita contra os incendios en Galicia e particularmente en Ourense?

4. Considera a Xunta de Galicia que as axudas postas en marcha son suficientes para que as familias, empresas e sectores produtivos ourensáns recuperen a súa vida e actividade económica? En caso negativo, pensa revisar e incrementar esas axudas?

5. **Ten prevista a Xunta de Galicia unha partida orzamentaria específica nos Orzamentos de 2026 que dea resposta integral ás consecuencias dos incendios,** impulse a recuperación económica, social e ambiental **da provincia de Ourense** , **para paliar os efectos que sufre como maior perxudicada nesta crise** e garanta que non quede atrás respecto doutras zonas de Galicia?

*Santiago de Compostela, 17 de Setembro de 2025.*

*Fdo.D. Armando Ojea Bouzo*

*Deputado e portavoz do Grupo Parlamentario Mixto*

CSV: REXPG-kzQr6mRCV-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2025 16:30:00
**Nº Rexistro: 34163**
Data envio: 17/09/2025 14:04:11.322

**Asinado dixitalmente por:**

**Armando Ojea Bouzo na data 17/09/2025 14:03:31**

CSV: REXPG-kzQr6mRCV-8
**Verificación:**
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2025 16:30:00
**Nº Rexistro: 34163**
Data envio: 17/09/2025 14:04:11.322

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/09/2025 14:04:12**

CSV: REXPG-kzQr6mRCV-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 24.02.2026 Hora: 10:00**

**Orde do día**

5.2 48321(12/INT-001593)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e Rodil Fernández, Olalla

Sobre o grao de eficacia das políticas do Goberno galego dirixidas a corrixir a desigualdade socioeconómica das mulleres en Galicia

*Publicación da iniciativa, 328f1, 05.02.2026*

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Noa Presas Bergantiños** e **Olalla Rodil Fernández**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a permanencia da desigualdade socioeconómica das mulleres en Galiza e ás actuacións que debe impulsar o goberno galego.

Exposición de motivos

Fronte ao relato imperante de "igualdade conseguida", a realidade é que o día a día das mulleres, tamén en Galiza, está marcado por unha enorme desigualdade en moitos ámbitos, entre os que ás portas do 8 e do 10 de marzo cómpre remarcar o socioeconómico e laboral.

Así as cousas, da análise dos datos cualitativos e cuantitativos, constatamos a ineficacia das políticas públicas e as consecuencias da concatenación de crises que vimos nos últimos tres lustros, tanto en temos de condicións da clase traballadora como na crise dos servizos públicos, cuxas consecuencias recaen de forma intensa e maioritaria nas mulleres.

Esta situación non é allea tampouco ao contexto de rearmamento do machismo, tanto a escala global como máis próxima. Hai que ter en conta que o actual contexto non só lexitima a desigualdade económica e laboral, senón que favorece a súa normalización.

A análise dos datos que nos ofrecen os distintos organismos estatísticos fai evidente que ollando desde o período do 2009 ao presente ou tramos máis recentes, a situación laboral da muller galega segue a ser desfavorable en comparación á do home. En especial, no que atinxe aos principais sectores de ocupación, ás condicións de traballo e á

Asinado o día 28/01/2026 ás 13:14
Por Olalla Rodil Fernández

Asinado o día 28/01/2026 ás 13:12
Por Noa Presas Bergantiños

CSV: REXPG-h2O6Fz3WQ-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 13:17:49
Nº Rexistro: 48321
Data envío: 28/01/2026 13:17:49.146

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

remuneración. Aínda que algúns dos indicadores observen unha lixeira mellora, a desigualdade persiste. Porén, existe un número de persoas desempregados e inactivas mulleres que homes. A taxa de actividade feminina, aínda que veu aumentando desde a crise financeira, segue por debaixo da masculina. Na taxa de ocupación ocorre o mesmo e a taxa de desemprego feminina segue a ser maior que a masculina. É preciso tamén recordar o diferencial negativo en contra da muller galega se facemos unha comparación co Estado e coa UE. Así, por exemplo, aínda que taxa de actividade feminina se incrementa, segue a ser inferior á masculina e continua a ser inferior que as taxas de actividade femininas estatal e europea e o mesmo acontece coa ocupación.

Outro aspecto a salientar é que se constata o protagonismo da muller nos peores indicadores de temporalidade e precariedade. As taxas de temporalidade femininas seguen a superar as masculinas e a temporalidade feminina é maior en Galiza que no Estado. Así mesmo, a taxa de ocupación a tempo parcial no último ano completo (2024) triplica a masculina. Neste sentido, cómpre ter en conta que no período máis crítico da crise de 2008 e da pandemia COVID deuse unha expulsión das mulleres do mundo do traballo asalariado como consecuencia da súa asunción dos coidados.

O incumprimento das promesas de melloras do goberno do Estado e as políticas da Xunta de Galiza están a contribuír a isto. A reforma laboral, publicitada para rematar coa precariedade, especialmente entre as mulleres, non fixo máis que agravar as fendas de xénero existentes antes da súa aprobación tal e como vén sinalando activamente o sindicalismo nacionalista. Ao mesmo tempo, máis alá da degradación dos servizos públicos que temos analizado noutras ocasións, o goberno do PP vén intensificando a súa estratexia de privatización e "externalización" de coidados a través dunha política de bonos cos que pretende levar aos fogares a responsabilidade de soster os dereitos que non se garanten no sistema público para o coidado de menores e maiores. Exemplo disto son os datos referentes a excedencias por coidados e o alto número de mulleres que non buscan emprego ou aumentar a súa xornada por estas responsabilidades. Asemade, a precarización dos traballos

CSV: REXPG-h2O6Fz3WQ-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 13:17:49
Nº Rexistro: 48321
Data envío: 28/01/2026 13:17:49.146

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

feminizados dos que é directamente responsable a Xunta de Galiza faise evidente na situación de colapso dos servizos públicos que estamos a ver con intensidade nos últimos meses a través das folgas, denuncias e mobilizacións das residencias de maiores, do SAF e doutros servizos públicos esenciais.

O exemplo máis evidente da consolidación da precariedade e que mellor reflexa as consecuencias de que os traballos máis feminizados sexan os máis precarios son os datos salariais. Así, o salario medio anual das mulleres en Galiza segue por debaixo non só dos homes, senón tamén por debaixo da media estatal. A fenda salarial non deixou de medrar até 2022 en Galiza e aínda que baixa lixeiramente en termos porcentuais no 2023, en termos absolutos é a maior de todo o período acadando os 4.706 euros. Alén da fenda salarial, observamos unha concentración do maior número de mulleres asalariadas galegas nos tramos de salarios máis baixos.

Finalmente, cómpre ter en conta a interseccionalidade e como esta situación se agrava se temos en conta factores como a migración, a monoparentalidade ou a mocidade e é necesario sinalar, pola súa importancia, a enorme desigualdade que reflicten o ámbito das pensións e a consolidación da feminización da pobreza. A pensión media anual da muller galega foi un 24% menor que a do home, o que en termos absolutos supón 4.851 euros menos, cun diferencial tamén a respecto do estado.

Máis aínda, cómpre lembrar que as taxas de risco de pobreza femininas superan ás masculinas no global e en todos os tramos de idade e no seu último informe a Rede Galega contra a Pobreza volve insistir na persistente feminización da pobreza como un fenómeno estrutural, especialmente nos fogares monomarentais e debido á desigualdade de xénero e aos traballos de coidado, afectando gravemente a súa independencia económica e sufrindo a falta de perspectiva de xénero transversal das políticas públicas.

Ante esta situación é necesario que o goberno galego intensifique as súas actuacións.



CSV: REXPG-h2O6Fz3WQ-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 13:17:49
Nº Rexistro: 48321
Data envio: 28/01/2026 13:17:49.146

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

Como avalía o goberno galego a falta de eficacia e cumprimento das súas políticas públicas á hora de corrixir a desigualdade socioeconómica das mulleres galegas?

Considera o goberno galego que está a ser útil para as mulleres galegas a falta de medidas incorporadas na Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes?

Está a supoñer un salto cualitativo e cuantitativo respecto da incorporación e funcionamento das cláusulas de igualdade?

Está a avanzar o goberno galego na persecución das discriminacións retributivas?

Considera que a fenda salarial se reduce lixeiramente pola súa acción política ou por outras circunstancias?

Considera que está a contribuír ao reparto e corresponsabilidade nos coidados? Como explica entón que tantas mulleres renuncien á súa vida persoal e laboral para asumir estas tarefas?

Como avalía a evolución da precariedade feminina?

Que fai o goberno galego para asegurar o desenvolvemento legal e cumprimento do marco do que nos temos dotado?

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2026

CSV: REXPG-h2O6Fz3WQ-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 13:17:49
Nº Rexistro: 48321
Data envío: 28/01/2026 13:17:49.146

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 28/01/2026 13:12:48**
**Olalla Rodil Fernández na data 28/01/2026 13:14:20**

CSV: REXPG-h2O6Fz3WQ-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2026 13:17:49
Nº Rexistro: 48321
Data envío: 28/01/2026 13:17:49.146

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/01/2026 13:17:50**

CSV: REXPG-h2O6Fz3WQ-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 24.02.2026 Hora: 10:00**

**Orde do día**

5.3 49524(12/INT-001641)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 4 máis

Sobre a caída da produtividade marisqueira nas rías galegas, singularmente no que atinxe aos bivalvos na ría de Muros e Noia

*Publicación da iniciativa, 332f1, 11.02.2026*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2026 10:03:00
Nº Rexistro: 49524
Data envío: 05/02/2026 10:03:00.056

Asinado o día 05/02/2
10:00
Por Daniel Castro Ga

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Rosana Pérez Fernández**, **Carmela González Iglesias**, **Daniel Castro García**, **Oscar Insua Lema** e **Paulo Ríos Santomé**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa ao recente episodio de mortaldade de bivalvos na ría de Muros e Noia e aos que se poidan dar nas vindeiras semanas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No día de onte tivemos coñecemento da mortaldade de berberecho nas concesións marisqueiras da confraría de Noia.

De novo, e aínda que as imaxes son máis unha vez estarrecedoras, prodúcese o que o sector, non só de Noia e da súa comarca, viña temendo dende que comezaron as continuas choivas deste inverno, que persisten dende hai meses.

As novas que transcenderon recollen que o Concello de Noia vai convocar unha reunión da Mesa Interinstitucional do Mar, onde están representados o propio sector e distintas institucións, tamén a principal e competente, a Xunta de Galiza.

Máis alá desa eventual convocatoria e das conclusións en propostas que poidan derivar da mesma, é obvio que a Consellaría de Mar debe facer fronte con todos os seus medios a unha nova situación de adversos metereolóxicos que se producen cando aínda se están a vivir nos bancos marisqueiros, de Noia e de todo o país, as consecuencias das choivas e riadas do 2023, e cando a recuperación dos bivalvos aínda segue sen ser unha realidade ao cento por cen dende aquela.

Por Paulo Ríos Santomé

Asinado o día 05/02/2026 ás
09:58
Por Carmela González Iglesias

Asinado o día 05/02/2026 ás
09:58
Por Rosana Pérez Fernández

CSV: REXPG-kk5rPx3EZ-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2026 10:03:00
Nº Rexistro: 49524
Data envío: 05/02/2026 10:03:00.056

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Son constatábeis tamén, ademais das desfavorábeis condicións climatolóxicas, as queixas do sector pola falta de apoio, orzamentos, estudos e actuacións firmes e estruturais por parte do Goberno galego para tratar de facer fronte ás consecuencias do cambio climático nas rías e nas distintas especies mariñas, e dende logo é evidente o seu desleixo á hora de tomar medidas a medio prazo e mesmo inmediatas, como a regulación do baleirado e limpeza dos encoros, a posta en marcha dun seguro colectivo para cubrir as perdas económicas do sector marisqueiro ou o desenvolvemento de proxectos de semente de moluscos bivalvos que a día de hoxe é maioritariamente de importación, por citar algunhas das que foron propostas polo Grupo Parlamentario do BNG e rexeitadas polo Partido Popular ou, no mellor dos casos, aceptadas pero nunca levadas a cabo pola Consellaría de Mar.

Entre outros, os episodios de choivas intensas e continuadas estanse a producir, tal e como está á vista, cada vez con máis frecuencia e é moita hora de que a Consellaría, xunto co sector, actúe e tome decisións para evitar na medida das súas posibilidades moitas das consecuencias nefastas, pero evitábeis, que está a padecer o marisqueiro galego dende hai anos, xa que resulta palmario que as que di ter posto en marcha non se traduciron aínda nin na recuperación da produtividade nin tampouco no medre, e nin sequera no mantemento, do número de postos de traballo que debería levar aparellada esa recuperación.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

. Que valoración fai o Goberno galego das medidas que di ter posto en marcha nos últimos anos para a recuperación produtiva das rías galegas?

. Considera que está a poñer todos os medios e recursos necesarios para a progresiva recuperación das rías e da súa produtividade?



CSV: REXPG-kk5rPx3EZ-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Que detalle de coñecemento ten sobre o grave episodio de mortaldade de berberecho ocorrido nos últimos días en Noia?

. Ten feita xa algunha avaliación sobre o mesmo? De ser así, cais son os resultados da mesma?

. Tense posto en contacto coas confrarías da zona para avaliar as posíbeis consecuencias ambientais e sociais que traerá consigo este novo episodio de mortaldade de bivalvos? De non ser así, por que razón e cando se vai dirixir a elas?

. Vai asistir á reunión que o Concello de Noia anunciou que vai convocar?

. Que medidas de apoio concretas vai tomar no inmediato para facer fronte ás consecuencias do recente episodio de mortaldade e doutros que se poidan dar nas vindeiras semanas na ría de Muros e Noia?

. Que medidas vai tomar no futuro inmediato para facer fronte ás consecuencias doutros, temidos e posíbeis, episodios de mortaldade como o sucedido na ría de Muros e Noia en calquera punto das rías galegas?

. Que medidas concretas vai tomar no futuro inmediato e a medio prazo para tratar de reverter progresivamente a perda de produtividade das rías galegas?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: REXPG-kk5rPx3EZ-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2026 10:03:00
Nº Rexistro: 49524
Data envío: 05/02/2026 10:03:00.056

**Asinado dixitalmente por:**

**Rosana Pérez Fernández na data 05/02/2026 9:58:21**

**Carmela González Iglesias na data 05/02/2026 9:58:32**

**Daniel Castro García na data 05/02/2026 10:00:32**

**Óscar Insua Lema na data 05/02/2026 10:00:38**

**Paulo Ríos Santomé na data 05/02/2026 10:00:54**

CSV: REXPG-kk5rPx3EZ-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2026 10:03:00
**Nº Rexistro: 49524**
Data envio: 05/02/2026 10:03:00.056

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/02/2026 10:03:01**

CSV: REXPG-kk5rPx3EZ-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 24.02.2026 Hora: 10:00**

**Orde do día**

6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 24.02.2026 Hora: 10:00**

**Orde do día**

6.1 50861(12/POPX-000071)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre as previsións do Goberno galego en relación coa garantía do respecto aos principios de autonomía local, igualdade e suficiencia financeira dos concellos galegos

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 50861
Data envío: 16/02/2026 14:21:53.225

PSG
PSOE

# Á Mesa do Parlamento

**José Ramón Gómez Besteiro, portavoz** do **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Sr. presidente da Xunta de Galicia.**

Sr. presidente, como pretende garantir a Xunta en relación cos concellos galegos o cumprimento dos principios de autonomía local, igualdade e suficiencia financeira?

Santiago de Compostela, 16 de febreiro do 2026

Asinado o día 16/02/2026 ás 14:21
Por José Ramón Gómez Besteiro

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

**CSV:** REXPG-G9pzpQ43N-9
**Verificación:**
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 50861
Data envio: 16/02/2026 14:21:53.225

**Asinado dixitalmente por:**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 16/02/2026 14:21:37**

CSV: REXPG-G9pzpQ43N-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 50861
Data envio: 16/02/2026 14:21:53.225

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/02/2026 14:21:54**

CSV: REXPG-G9pzpQ43N-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 24.02.2026        Hora: 10:00**

**Orde do día**

6.2 50868(12/POPX-000072)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a transparencia informativa do Goberno galego, nomeadamente respecto do proxecto de Altri

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 50868
Data envío: 16/02/2026 14:57:10.233

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Ana Pontón Mondelo**, portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **pregunta** dirixida ao **presidente da Xunta** para a súa **resposta oral en Pleno**.

*Sr Rueda, que razóns levan ao seu goberno a ocultar información relevante, como é o caso de Altri?*

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2026

Asinado o día 16/02/2026 ás 14:55
Por Ana Pontón Mondelo

CSV: REXPG-c7I1KeqA-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 50868
Data envio: 16/02/2026 14:57:10.233

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 16/02/2026 14:55:08**

CSV: REXPG-c7t11KeqA-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 16:30:00
**Nº Rexistro: 50868**
Data envio: 16/02/2026 14:57:10.233

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/02/2026 14:57:12**

**CSV:** REXPG-c7t11KeqA-4
**Verificación:**
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 24.02.2026        Hora: 10:00**

**Orde do día**

7. Preguntas ao Goberno

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 24.02.2026        Hora: 10:00**

**Orde do día**

7.1 43380(12/POP-005880)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Longueira Castro, Silvia e 2 máis

Sobre o grao de cumprimento dos compromisos e acordos adquiridos na unión dos concellos de Oza e Cesuras

*Publicación da iniciativa, 311f1, 12.01.2026*

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 11:47:31
Nº Rexistro: 43380
Data envío: 30/12/2025 11:47:31.422

PSG PSOE Parlamento de Galicia
Grupo
Parlamentario
Socialista

Asinado o día 30/12/2
09:30
Por Patricia Iglesias F

**Á MESA DO PARLAMENTO**

**Silvia Longueira Castro, Paloma Castro Rey** e **Patricia Iglesias Rey**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

En xuño de 2013 fusionábanse os concellos de Oza e Cesuras, promovidos polo entón goberno de Feijóo. A partir daquel momento o Concello é coñecido como Oza-Cesuras e a Xunta tiña formulado, para entón, unha serie de compromisos e accións que "mellorarían" a realidade de ambos concellos ao tempo que se proveía dunha xestión municipal máis eficaz.

Asinado o día 30/12/2025 ás
09:29
Por Paloma Castro Rey

Máis de 12 anos despois a realidade é que incumpríronse a práctica totalidade dos compromisos adquiridos coa fusión de ambos municipios, quedando en promesas incumpridas que unicamente foron usadas para comprar a vontade das e dos veciños.

O documento fora elaborado entón pola Deputación da Coruña con Diego Calvo, hoxe vicepresidente da Xunta de Galicia, e serviu de documento base para a fusión, falábase de incremento de ingresos que experimentaría o novo municipio por diversos conceptos, como a participación nos tributos do Estado e da Comunidade Autónoma, subvencións, incremento de outros ingresos etc. Textualmente dicía:

Asinado o día 30/12/2025 ás
09:29
Por Silvia Longueira Castro

"*O novo municipio contaría cunha moi importante fonte de ingresos, hoxe en día inexistente, constituída polo establecemento a curto-medio prazo, en terreos do actual municipoo de Oza dos Ríos, dunha gran industria como é sen dúbida Begano, cuxo peso económico é difícil de cuantificar pero que, sen dúbidas, vai constituír un alicerce básico que permitirá asegurar un venturoso futuro económico ao novo concello. Non só polos cuantiosos ingresos que*

CSV: REXPG-IndEJ5v1-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

*podería deixar todos os anos nas arcas municipais (imposto de actividades económicas, imposto bens inmobles, imposto circulación de vehículos, novos veciños, etc…), senón tamén polo gran número de postos de traballo directos que vai crear, que se cifran en aproximadamente nun centenar, o que sen dúbidas axudará a serrar riqueza e a reactivar a economía de Oza-Cesuras e mesmo da comarca*."

No apartado 2.4 do devandito documento base da fusión tamén falábase de "Implementación de novos servizos":

"*O proxecto de fusión non se limita ao mantemento dos servizos públicos existentes, senón que prevé a implementación de novos servizos que ata o momento non se están dando cumpridamente: gardería infantil, colexio de secundaria, residencia de día da terceira idade, servizos de protección civil.*

A escola infantil foi un proxecto que veu directamente do Goberno de España, durante o goberno de José Luis Rodríguez Zapatero no que a Consellería de Benestar firmou un convenio co Ministerio de Educación para a construción de varias escolas infantís en Galicia, entre elas a de Oza Cesuras, sendo a súa finalidade dar cobertura aos dous concellos, pero nada ten que ver coa idea inicial coa fusión.

Como dicíamos, o documento base da fusión recollía, textualmente, o seguinte:

" A construción dunha residencia da terceira idade, será un obxectivo prioritario para a unión….. Existe en marcha un ambicioso proxecto que ten por obxectivo o parque municipal do Sanatorio, sito no lugar de O Paraxón, parroquia de Bragade"

CSV: REXPG-itndEJ5v1-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

No documento, incluíase un plano do edificio que albergaría a residencia da terceira idade, co edificio existente en ruínas restaurado e ampliando con un pavillón de nova construción. Nada se sabe.

Por tal motivo, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta:

Cando estiman desde a Xunta de Galicia que os acordos de unión dos concellos de Oza e Cesuras van a levarse a cabo?

Santiago de Compostela, a 29 de decembro do 2025

CSV: REXPG-itndEJ5v1-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
28071 Madrid
@PSdeG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 11:47:31
Nº Rexistro: 43380
Data envío: 30/12/2025 11:47:31.422

**Asinado dixitalmente por:**

**Silvia Longueira Castro na data 30/12/2025 9:29:49**
**Paloma Castro Rey na data 30/12/2025 9:29:56**
**Patricia Iglesias Rey na data 30/12/2025 9:30:03**

CSV: REXPG-itndEJ5v1-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2025 11:47:31
**Nº Rexistro: 43380**
Data envio: 30/12/2025 11:47:31.422

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/12/2025 11:47:32**

CSV: REXPG-itndEJ5v1-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 24.02.2026        Hora: 10:00**

**Orde do día**

7.2 50869(12/PUP-000194)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Vidal Lamas, Sonia

Sobre as medidas que prevé adoptar o Goberno galego para corrixir os danos económicos, ambientais e sociais no encoro das Conchas e na comarca de Limia

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 50869
Data envío: 16/02/2026 14:57:34.145

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Sonia Vidal Lamas**, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite de **urxencia**, relativa á situación do embalse das Conchas.

**Xustificación da urxencia**

A urxencia motívase na recente sentenza coñecida a pasada semana en relación coa contaminación do encoro das Conchas, que confirma a existencia dunha situación ambiental grave e prolongada no tempo, así como a insuficiencia das medidas adoptadas polas administracións competentes.

**Exposición de motivos**

A situación ambiental do encoro das Conchas atravesa un dos momentos máis críticos das últimas décadas. A acumulación persistente de nitratos e fosfatos nas augas provocou episodios reiterados de eutrofización e proliferación de cianobacterias potencialmente tóxicas.

Esta realidade, acreditada por informes técnicos da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, foi obxecto de múltiples denuncias sociais e iniciativas parlamentarias promovidas polo BNG, sen que a Xunta de Galiza adoptase ata o momento medidas integrais eficaces.

A recente sentenza coñecida a pasada semana supón un punto de inflexión, ao recoñecer a gravidade da situación ambiental e a insuficiencia das actuacións desenvolvidas. A resolución xudicial confirma que existía coñecemento previo do

Asinado o día 16/02/2026 ás 14:56
Por Sonia Vidal Lamas

CSV: REXPG-N3RdLBcoe-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 50869
Data envío: 16/02/2026 14:57:34.145

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
